



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO
DE SAN CAETANO O DÍA 28 DE AGOSTO DE 2008,
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.
EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes
- Decreto sobre asunción da ampliación de funcións e servizos traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia mediante Real decreto 1319/2008, do 24 de xullo, en materia de educación: homologación e validación de títulos e estudos estranxeiros en ensinanzas non universitarias, e sobre a súa asignación á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

- Decreto polo que se modifican a denominación e os estatutos do *Instituto Galego de Medicina Técnica, S.A.*, aprobados polo Decreto 229/1994, do 14 de xullo

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Decreto polo que se modifica o Decreto 29/2006, do 16 de febreiro, polo que se suspende a vixencia das normas subsidiarias de planeamento municipal de Sada e se aproba a ordenación urbanística provisional ata a entrada en vigor do novo planeamento
- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade dos seguintes treitos provinciais: E.P- 003 Pedra do Lagarto-Marcón; E.P. 0005 San Mauro-Pedra do Lagarto; E.P. 007 Pontevedra-Casas Novas; E.P. 008 N_541-MonteceloC-531; E.P. 009 Finca de Areeiro; E.P. 0010 Pontevedra-Monte Porreiro; E.P. 0013 Mollavao-Sixto; E.P. 0015 A Parda-O Marco C-316 e E.P. 0016 Porta do Sol Castelo, a prol do Concello de Pontevedra



CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Decreto de receita electrónica
- Decreto polo que se establece o procedemento de autorización e se aplican normas de calidade e seguridade en actividades relacionadas coas células e tecidos humanos
- Decreto polo que se aproba a oferta de emprego público das categorías de persoal estatutario licenciado sanitario do Servizo Galego de Saúde para o ano 2008

CONSELLERÍA DE TRABALLO

- Decreto polo que se determina o calendario laboral para o ano 2009 na Comunidade Autónoma

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Xunta de Galicia e o Concello de Bueu, para levar a cabo as obras de reforma e ampliación dun edificio situado no lugar do Valado para destinalo a local de ensaio así como o seu equipamento

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, por medio da Secretaría Xeral de Relacións Exteriores, e a Fundación Iniciativa Civil para la Democracia (INCIDE), para a execución do proxecto "Fortalecemento institucional das municipalidades de Champerico e Retalhuleu-Guatemala"
- Acordo polo que se designa o presidente e os membros da padroado da *Fundación Semana Verde de Galicia*, en representación da Xunta de Galicia



CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Concello de Vilagarcía de Arousa para a realización da obra de mellora de servizos e dotación de equipamento de uso público no núcleo rural de Castro de Agudín
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Concello de Silleda para a realización das obras de urbanización da rúa Agro do Balo en Bandeira, T.M. Silleda

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia e a Federación Galega de Comercio, para a realización de diversas actuacións de fomento do comercio retalista no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e a Universidade de Santiago de Compostela para o cofinanciamento do proxecto NOVEDAR (CONSOLIDER-INGENIO 2010)
- Acordo polo que se autoriza a subscrición da prórroga do convenio marco de colaboración entre o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e a Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia para a realización de plans de mellora da calidade do servizo eléctrico e plans de control de tensión na Comunidade Autónoma de Galicia, con data do 24 de novembro 2006 (Tarifa 2007)
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e a Federación de Parques Empresariais (FEGAPE) para a posta en marcha dun plan de formación en novas tecnoloxías dirixidos ás empresas galegas, no marco do Plano Estratéxico Galego da Sociedade da Información e o Plan Avanza
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia e os clusters industriais para o desenvolvemento de accións dirixidas a potenciar estes en Galicia nos anos 2008 e 2009
- Acordo polo que se autorizan compromisos de gasto de carácter plurianual por parte da Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación da Consellería de Innovación e Industria para levar a cabo a convocatoria de axudas para o ano 2008 correspondentes ao Programa Manuel Colmeiro, dentro do Programa de Recursos



Humanos do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica. INCITE (2006-2010)

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para a encomenda de realización de traballos do programa de control da enfermidade da lingua azul
- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para a sinatura de convenios para a realización de obras de infraestrutura rural con diversos concellos, no marco do Plan de Infraestruturas Rurais 2008 (PIR_FP_Larouco...Tui)
- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para a sinatura de convenios para a realización de obras de infraestrutura rural con diversos concellos, no marco do Plan de actuación global de infraestruturas vitícolas na Ribeira Sacra-2008 (Monforte...Ribas de Sil)
- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para a sinatura de convenios para a realización de obras de infraestrutura rural con diversos concellos, no marco do Plan de melloras das infraestruturas no Ribeiro 2008 (A Arnoia...Toén)

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Pública Hospital Virxe da Xunqueira para a dotación de equipamento e execución de obras de reforma necesarios para o óptimo funcionamento da fundación, por importe de trescentos trinta e cinco mil cento cincuenta euros con doce céntimos (335.150,12 euros)
- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Pública Hospital de Verín para a dotación de equipamento e execución de obras de reforma necesario para o óptimo funcionamento da fundación, por importe de douscentos oitenta e dous mil setecentos catorce euros (282.714 euros)
- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Pública Hospital do Salnés para a dotación de equipamento e execución de obras de reforma necesarios para o óptimo funcionamento da fundación, por importe de trescentos vinte e oito mil douscentos sesenta e seis euros con dezanove céntimos (328.266,19 euros)
- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Pública Hospital da Barbanza, para a dotación



de equipamento e execución de obras de reforma necesarios para o óptimo funcionamento da fundación, por importe de trescentos mil euros (300.000 euros)

- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de cooperación entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Vilagarcía de Arousa para a realización de obras de reforma do local onde actualmente se atopa a Unidade Asistencial de Drogodependencia
- Acordo de autorización para a aceptación da cesión dunha parcela de 1.504 metros cadrados, feita a título gratuito polo Concello da Illa de Arousa (Pontevedra) a favor do Servizo Galego de Saúde, con destino á construción dun centro de saúde
- Acordo de autorización para a aceptación da cesión dunha parcela de 436 metros cadrados, feita a título gratuito polo Concello de Vigo (Pontevedra) a favor do Servizo Galego de Saúde con destino á construción dun centro de saúde en Bouzas

CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

- Acordo polo que se aproba o Plan Galego de Acuicultura
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, e *Puerto de Celeiro S.A.* para a realización do Proxecto piloto de experimentación con sistema automático de palangre

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Acordo polo que se autoriza a colaboración técnica e financeira da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible co Concello de Monforte de Lemos para a construción dun centro verde no polígono de Reboredo, por importe de cincocentos trinta e nove mil seiscientos corenta e nove euros con sesenta e sete céntimos (539.649,67 euros)
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de San Cibrao das Viñas para a execución da obra Saneamento en Rante-Currás e bombeos en Currás. San Cibrao das Viñas (Ourense), por importe de douscentos sesenta e nove mil cincocentos noventa e sete euros con sesenta e catro céntimos (269.597,64 euros)
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello das Pontes de García Rodríguez e se autoriza a aprobación do gasto para a execución das obras Colectores xerais e estación depuradora de augas residuais das Pontes. As Pontes de García Rodríguez (A Coruña), por importe de cinco millóns seiscientos noventa e catro mil cincocentos once euros con once céntimos (5.694.511,11 euros)



- Acordo polo que se autoriza a modificación do contrato de concesión de obra pública da planta de residuos voluminosos de Cerceda, por importe de catro millóns oitocentos cincuenta mil euros (4.850.000 euros)
- Acordo polo que se autoriza o convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e o Concello de Ribadavia para a dotación á parroquia de Francelos dunha zona verde, por importe de douscentos vinte e cinco mil euros (225.000 euros)

CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Boiro para o acondicionamento de camiños rurais e ponte de acceso a Bealo por un importe de douscentos corenta e dous mil catrocentos cincuenta e cinco mil euros con setenta e dous céntimos (242.455,72 euros), con cargo á aplicación orzamentaria 17.02.451A.760.1 para o ano 2008
- Acordo de aprobación definitiva do proxecto sectorial do parque empresarial de Nogueira de Ramuín (Ourense) e do correspondente proxecto de obras públicas
- Acordo de aprobación definitiva do proxecto sectorial do parque empresarial de Tomiño (Pontevedra) e do correspondente proxecto de obras públicas



A XUNTA CREA A FIGURA DO COMISIONADO PARA A SEGURIDADE VIARIA DE GALICIA, COMO ÓRGANO SUPERIOR DO GOBERNO GALEGO EN MATERIA DE COORDINACIÓN, SEGUIMENTO E ASESORAMENTO NESTA ÁMBITO

- ***O decreto polo que se modifica a estrutura orgánica da CPTOPT recolle tamén os cambios competenciais derivados da creación da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística***
- ***A mellora operativa da estrutura da Consellería prevé unha Subdirección Xeral de Ordenación do Territorio e do Litoral, dependente de Urbanismo, e unha Subdirección Xeral de Planificación Técnica, dependente de Transportes***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se modifica a estrutura orgánica da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes para permitir a creación da figura do Comisionado para a Seguridade Viaria de Galicia, órgano superior da Consellería en materia de coordinación, seguimento e asesoramento respecto das directrices e estratexias vinculadas á seguridade viaria.

O Comisionado terá rango de Secretaría Xeral e as súas funcións son, segundo se establece no decreto:

- Promover, impulsar e coordinar as estratexias de seguridade viaria coas distintas administracións públicas implicadas na materia.
- Avaliar e facer o seguimento do grao de aplicación e cumprimento dos obxectivos xerais e do desenvolvemento de cada unha das liñas estratéxicas propostas na planificación da seguridade viaria de Galicia.
- Planificar e desenvolver campañas e medidas de concienciación en materia de seguridade viaria e prevención de accidentes de tráfico en Galicia.
- Elaborar estudos e proxectos e fomentar a formación e a investigación en materia de seguridade viaria.

O decreto de modificación da estrutura orgánica da CPTOPT tamén recolle os cambios competenciais necesarios logo da creación da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística. As competencias en materia de disciplina urbanística que antes tiña a Subdirección Xeral de Disciplina e Informes pasaron xa a depender da nova Axencia, polo que desaparece a dita subdirección xeral. Na Dirección Xeral de Urbanismo, e co fin de reforzar as competencias correspondentes, créase a Subdirección Xeral de Ordenación do Territorio e do Litoral, e mantense a Subdirección Xeral de Urbanismo, coas correspondentes competencias en materia de planificación.

A mellora operativa da estrutura da Consellería de Política Territorial inclúe tamén a creación, dentro da Dirección Xeral de Transportes, dunha Subdirección Xeral de Planificación Técnica, que se suma ás xa existentes subdireccións de Ordenación do Transporte e de Inspección do Transporte. A nova subdirección terá entre as súas



funcións o estudo de plans de fomento do transporte público e a mobilidade, a xestión das accións que se leven a cabo en materia de aeródromos en Galicia, o seguimento das actuacións que respecto do transporte ferroviario desenvolvan outras administracións distintas da Xunta ou a planificación da oferta intermodal de transporte así como a proposta da súa adxudicación e explotación.



A XUNTA ASUME AS COMPETENCIAS DE HOMOLOGACIÓN E VALIDACIÓN DE TÍTULOS ESTRANXEIROS EN ENSEÑANZAS NON UNIVERSITARIAS

- ***Este traspaso ten un custo efectivo de 10.761 euros, e entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2009***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto sobre a asunción da ampliación de funcións e servizos traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia mediante Real decreto 1319/2008, do 24 de xullo, en materia de educación: homologación e validación de títulos e estudos estranxeiros en ensinanza non universitarias, e sobre a súa asignación á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Así, en virtude deste decreto, queda asumida a ampliación de funcións, servizos e medios económicos traspasados pola Administración do Estado á Comunidade galega, nos termos e condicións especificados no acordo da Comisión Mixta de Transferencias do 23 de xuño de 2008. Ademais, de acordo co recollido no decreto polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, asígnanselle á citada consellería as funcións e servizos asumidos.

Segundo se fixa no acordo da Comisión Mixta, a ampliación de funcións e servizos ten un custo efectivo de 10.761,09 euros, e entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2009. Deste xeito, traspásanse as funcións de homologación e validación de títulos e estudos estranxeiros en ensinanza non universitarias, de acordo coas táboas de equivalencia vixentes en cada momento ou, se é o caso, dos criterios xerais e táboas elaboradas polo Ministerio de Educación, Política Social e Deporte.

A Consellería de Educación comunicará ao Ministerio as resolucións de homologacións adoptadas polo órgano competente, para que este proceda ao seu rexistro nunha sección especial do Rexistro Central de Títulos e á asignación dun número nacional de credencial. A Xunta formalizará as resolucións mediante unha credencial, que terá efectos en todo o territorio nacional.

Así mesmo, o Ministerio de Educación, Política Social e Deporte e a Consellería establecerán procedementos para o acceso á base de datos, e colaborarán na aplicación dos criterios de homologación e validación.



GALARIA, EMPRESA PÚBLICA DE SERVICIOS SANITARIOS, OFRECERÁ APOIO TÉCNICO E CONSULTORÍA Á SANIDADE PÚBLICA NA PROVISIÓN DE EQUIPAMENTO TECNOLÓXICO E NA DIRECCIÓN DE OBRAS DE INFRAESTRUTURAS SANITARIAS

- ***O Consello da Xunta aproba a modificación dos estatutos do antigo Instituto de Medicina Técnica, Medtec, que cambia de denominación***
- ***O Servizo Galego de Saúde asumirá as áreas asistenciais que estaba a prestar esta empresa en Vigo e Ourense, e constituirá unidades de xestión clínica nos respectivos complexos hospitalarios***

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe a modificación dos estatutos do antigo Instituto de Medicina Técnica, Medtec, que cambia de denominación para chamarse, a partir de agora, Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios. Ademais de adaptar os devanditos estatutos á lexislación estatal, amplíase o obxecto social da sociedade, que poderá ofrecer apoio loxístico na dirección de obras nas infraestruturas sanitarias.

Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios, nace logo de que a Consellería de Sanidade decidise que as áreas asistenciais que estaba a desenvolver o Instituto de Medicina Técnica Medtec no Complexo Hospitalario Universitario de Vigo e no Complexo Hospitalario de Ourense sexan xestionados orgánica e funcionalmente polo Servizo Galego de Saúde dun xeito directo.

Logo da disolución das fundacións hospitalarias acordada polo Consello da Xunta do pasado 31 de xullo, e con esta decisión, cúmprese o compromiso adquirido polo presidente da Xunta na súa primeira visita a Vigo, en agosto de 2005, de que toda a asistencia sanitaria pública fose ofertada polo Servizo Galego de Saúde. Prodúcese, ademais, logo de que 200 profesionais do Instituto de Medicina Técnica acordasen voluntariamente integrarse no Servizo Galego de Saúde, ao igual que fixo a práctica totalidade do persoal das fundacións sanitarias.

Unha vez que o xa antigo Instituto de Medicina Técnica, Medtec, non presta asistencia sanitaria, o Goberno galego acordou aproveitar a necesidade de facer adaptacións á lexislación estatal nos estatutos de Medtec para, por unha banda, cambiala súa denominación –a partir de agora chamarase *Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios*- e por outra, engadir un novo obxecto social: poder prestar servizos de apoio ao Servizo Galego de Saúde e á Consellería de Sanidade para facer infraestruturas sanitarias e de apoio á organización.

Ata o de agora, Medtec ofrece servizos de consultoría técnica, provisión de equipamento de alta tecnoloxía e apoio loxístico á sanidade pública galega. A eles súmase agora o novo obxecto social.

Esta ampliación dos fins fundacionais de *Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios* permitirá á Consellería de Sanidade e ao Servizo Galego de Saúde poder acometer a



dirección das obras previstas no Plan director de infraestruturas sanitarias, que supón un investimento de máis de 1.300 millóns de euros en diversas obras nos 14 hospitais públicos e tarefas de construción, ampliación e reforma de 66 centros de saúde en toda Galicia.

Así, a sanidade pública galega está a acometer a construción en Vigo dun dos maiores hospitais de España; un novo edificio nos complexos de Pontevedra, A Coruña e Ourense; así como obras de adaptación á recente cesión do Hospital Básico da Defensa, en Ferrol; diversas obras en Santiago, o Salnés, A Barbanza, Cee, Burela, Monforte de Lemos, Verín, e O Barco de Valdeorras. Así mesmo estanse a rematar as obras de construción do novo hospital de Lugo.

A coordinación e dirección destas obras non pode ser asumida por unha Subdirección Xeral da División de Recursos Económicos do Servizo Galego de Saúde, que si conservará, en todo momento, a última responsabilidade e a toma de decisións.

A XUNTA MODIFICA A ORDENACIÓN URBANÍSTICA PROVISIONAL DE SADA POR RAZÓNS DE INTERESE PÚBLICO

- ***Os cambios introducidos atinxen a determinados aspectos do solo urbano consolidado, do solo industrial e do solo de núcleo rural, entre outros***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto que modifica un decreto anterior de febreiro de 2006 polo que se suspendía a vixencia das Normas Subsidiarias de planeamento



municipal de Sada e se ditaba a ordenación urbanística provisoria a aplicará neste concello mentres non conte cun novo Plan Xeral de Ordenación Municipal.

O Concello de Sada solicitou á Consellería de Política Territorial a modificación de determinados aspectos da ordenación provisional que lle fora ditada en 2006 co obxecto de, entre outros, levar a cabo determinados proxectos de interese público. Para avaliar e determinar a idoneidade e legalidade das propostas demandadas, constituíuse un grupo de traballo formado por representantes da Consellería e do concello. Unha vez estudadas as propostas, Política Territorial conclúe que, ademais de estar debidamente xustificadas por razóns de interese público, son conformes co establecido na Lei do Solo e compatibles coa finalidade da suspensión do planeamento urbanístico municipal.

No que atinxe ás condicións de solo urbano consolidado, modifícase a altura máxima das edificacións (pero non a edificabilidade xa que o número máximo de plantas sobre a rasante non varía) para atender ás exixencias de calidade construtiva das vivendas que implican o illamento acústico e a eficiencia enerxética, e tamén se permitirá a construción dunha planta soto máis para posibilitar o cumprimento do estándar mínimo de prazas de garaxe fixado nas normas provisionais.

Así mesmo, co fin de facilitar a execución de equipamentos e dotacións de carácter público, posibilitase a construción de piscinas descubertas de dominio e uso público no paseo marítimo de Sada, recupéranse as áreas de solo industrial no lugar de Espírito Santo, nas zonas próximas ás áreas industriais dos concellos de Bergondo e Cambre e o contorno da estrada N-VI, e establécense terreos dotacionais para a ampliación do Colexio Público de Sada. Tamén se modifican as aliñacións no tramo da estrada AC-183 Sada-Meirás, ao seu paso polo lugar de Serra- O Tarabelo, e as parcelas mínimas exixidas para o solo urbano de edificación colectiva e para as áreas de expansión do solo de núcleo rural, entre outros.



POLÍTICA TERRITORIAL AUTORIZA A TRANSFERENCIA AO CONCELLO DE PONTEVEDRA DE 14,5 QUILÓMETROS DE ESTRADAS TITULARIDADE DA DEPUTACIÓN

O Consello da Xunta aprobou hoxe un Decreto sobre o cambio de titularidade a favor do Concello de Pontevedra dunha serie de treitos de estradas que pertencían á rede provincial da Deputación de Pontevedra que suman un total de 14,5 quilómetros:

- Pedra do Lagarto-Marcón (2.300 m)
- San Mauro-Pedra do Lagarto (484 m)
- Pontevedra-Casas Novas (1.980 m)
- N-541-Montecelo (C-531) (2.200 m)
- Finca Areeiro (560 m)
- Pontevedra-Monte Porreiro (1.300 m)
- Mollavao-Sixto (1.769 m)
- Parda-O Marco (C-136) (1.000 m)
- Porta do Sol-Castelo (2.917 m)

A Lei de estradas de Galicia establece que poderán ser obxecto de cambios de titularidade a favor dos concellos aquelas estradas provinciais ou os treitos determinados delas nos que a circulación adquira características urbanas, e a proposta deberá ser aprobada polo Consello da Xunta. Con base nesta normativa, o Concello de Pontevedra e a Deputación provincial acordaron un convenio de colaboración para efectuar o cambio de titularidade dos treitos mencionados.

A proposta conta co informe favorable da Dirección Xeral de Obras Públicas da Consellería de Política Territorial, xa que considera que os devanditos treitos reúnen as condicións exixidas para ser obxecto de transferencia.

Deste xeito, o Consello aproba agora o decreto que formaliza o cambio de titularidade de nove treitos de estradas da Deputación a favor do Concello de Pontevedra. A partir de agora, será o Concello –como novo titular- o encargado da xestión, mantemento, conservación e explotación das vías obxecto de transferencia.



GALICIA CONVÉRTESE NA TERCEIRA COMUNIDADE AUTÓNOMA QUE REGULA A IMPLANTACIÓN DA RECEITA ELECTRÓNICA NO ÁMBITO DO SISTEMA PÚBLICO DE SAÚDE

- ***Grazas á receita electrónica, o Servizo Galego de Saúde mellorará a calidade asistencial ao reducirse o número de consultas para renovación de receitas, incrementando, deste xeito, o tempo de consulta do médico para diagnóstico e tratamento***
- ***A través desta normativa, establécense os procedementos e requisitos de prescrición e dispensación de medicamentos e produtos sanitarios mediante receita electrónica***
- ***A receita electrónica desenvólvese en colaboración coas oficinas de farmacia de Galicia, a través da intermediación dos colexios oficiais de farmacéuticos da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra***
- ***Coa aprobación do decreto, a receita electrónica probarase no mes de setembro nas farmacias de Miño e Salceda de Caselas, para proceder ao seu establecemento, nos vindeiros meses, en todas as oficinas de farmacia de Galicia***

O Goberno galego aprobou hoxe o decreto polo que se regula a receita electrónica no ámbito do sistema público de saúde de Galicia, o que permitirá mellorar a calidade asistencial e reducir o número de consultas para a renovación de receitas. Esta medida enmárcase no proceso progresivo de implantación de soportes informáticos para a xestión da prescrición e dispensación dos medicamentos.

Outra das melloras que suporá a implantación da receita electrónica é o incremento da seguridade no uso dos medicamentos, xa que evitará posibles erros que se poden dar no proceso de lectura e interpretación da letra do médico na oficina de farmacia.

Así mesmo, permitirá potenciar a atención farmacéutica facilitando o seguimento farmacoterápico, a detección de alerxias, de interaccións entre medicamentos e a dispoñibilidade de información sobre alertas farmacéuticas. Ademais, a receita electrónica habilitará unha nova canle de comunicación entre os profesionais médicos e farmacéuticos que atenden os pacientes para solucionar, de xeito inmediato, problemas puntuais que se poidan presentar.

Por outra banda, a receita electrónica suporá unha mellora na calidade da información sobre a historia farmacoterápica dos pacientes, xa que se terá un rexistro da totalidade da medicación prescrita e dispensada na oficina de farmacia, así como de todos os datos de interese asociados. O rexistro destes datos permite, igualmente, realizar a facturación das receitas de xeito electrónico, simplificando o procedemento actual ao reducir a burocracia.



O usuario percibirá, ademais, unha mellora na accesibilidade aos medicamentos ao reducir os desprazamentos innecesarios ao centro de saúde e os trámites relacionados coa homologación sanitaria de receitas.

Colaboración das oficinas de farmacia

A receita electrónica sitúase no marco do proxecto de historia clínica electrónica, denominado IANUS, que está a implantar a Consellería de Sanidade como instrumento de mellora da calidade na atención sanitaria á cidadanía, protexendo, en todo momento, o seu dereito á intimidade e confidencialidade dos seus datos clínicos.

O decreto aprobado hoxe regula a implantación da receita electrónica no ámbito do sistema público de saúde de Galicia e, ademais, establece os procedementos e requisitos da prescrición e dispensación de medicamentos e produtos sanitarios mediante aquela.

A receita electrónica conterá a identificación do prescriptor ou prescritora, a identificación do paciente co seu nome, apelidos e código de identificación sanitaria que aparece na tarxeta sanitaria; os datos mínimos necesarios para a identificación inequívoca do medicamento ou produto sanitario; a posoloxía e duración do tratamento; a data de prescrición, o número de envases, as advertencias do farmacéutico ou farmacéutica, e a sinatura electrónica recoñecida do prescriptor ou prescritora.

A duración do tratamento fixado polo profesional que realiza a prescrición será, como máximo, dun ano. Unha vez establecida a duración do tratamento, o facultativo ou facultativa determinará o período recetado e o sistema calculará o número de receitas electrónicas que se deberán emitir.

O sistema informático garantirá a inactivación dunha receita electrónica cando esta sexa emitida en soporte papel, para evitar duplicidades na súa dispensación.

O prescriptor terá a obriga de lle entregar ao paciente ao inicio do tratamento, e sempre que rexistre un cambio de prescrición no sistema informático, a denominada folla de prescrición activa, que é un documento en soporte papel. Este incluírá información de todos os tratamentos activos e instrucións para o paciente e, como mínimo, levará os seus datos identificativos, a identificación do prescriptor, os datos de contacto co centro de saúde, os medicamentos prescritos e as instrucións necesarias para a toma, ademais da periodicidade con que deben ser recollidos na oficina de farmacia.

Para a primeira dispensación en tratamentos crónicos e no caso de tratamentos agudos que só requiren dun acto de dispensación, o prazo de validez da receita electrónica será de dez días naturais contados a partir da data da prescrición.

Para tratamentos crónicos, as receitas sucesivas poderán ser retiradas na oficina de farmacia dez días antes ao da data de dispensación prevista e ata trinta días despois.

Garantías de confidencialidade



O Decreto recolle, igualmente, a especial preocupación da Consellería de Sanidade por ofrecer á cidadanía galega todas as garantías asistenciais e de confidencialidade na prescrición e dispensación electrónica dos medicamentos. Para este fin, o usuario poderá solicitar ao prescriptor a confidencialidade das súas prescricións, polo que o sistema deberá proporcionar un código de seguridade, que lle será entregado ao paciente e que este facilitará ao farmacéutico que desexe, para que proceda á súa dispensación.

Galicia é unha das primeiras comunidades autónomas que pon en marcha a receita electrónica, e faino con seguridade xurídica e técnica, pois tras Andalucía e Cataluña é a terceira Comunidade que regula a receita electrónica a través dun Decreto, cando aínda non existe normativa estatal ao respecto.

Na actualidade, case a metade das receitas que prescribe o persoal médico do Servizo Galego de Saúde xa se está a facer a través do sistema informático de prescrición electrónica de IANUS (historia clínica electrónica galega) en todas as áreas sanitarias, pero, polo momento, aínda se lle entrega ao paciente a receita informatizada en papel.

Coa receita electrónica o seguinte paso é que o usuario recolla o medicamento directamente na farmacia, sen necesidade de que o médico lle estenda unha receita en papel (sexa manual ou informatizada). Polo tanto, coa aprobación do Decreto, a receita electrónica probarase no mes de setembro nas farmacias de Miño e Salceda de Caselas, para proceder ao seu establecemento, nos vindeiros meses, en todas as oficinas de farmacia de Galicia.



A XUNTA REGULA O PROCEDEMENTO DE AUTORIZACIÓN EN ACTIVIDADES RELACIONADAS COAS CÉLULAS E TECIDOS HUMANOS

- ***Sanidade modifica a estrutura das súas catro delegacións para crear os catro servizos provinciais de Sanidade Ambiental***

O Consello da Xunta de Galicia aprobou esta mañá o decreto polo que se establece o procedemento de autorización e se aplican normas de calidade e seguridade en actividades relacionadas coas células e tecidos humanos, así como cos produtos elaborados derivados deles, destinados á súa aplicación en seres humanos.

Estas actividades inclúen a doazón, obtención, avaliación, procesamento, preservación, almacenaxe, distribución, aplicación e investigación clínica, levadas a cabo en centros ou unidades sanitarias autorizados pola Consellería de Sanidade.

Como anexo ao decreto, xúntase o modelo de solicitude de autorización e indícase a documentación que deberá presentar o centro interesado na realización dalgunha destas actividades.

No rexistro constarán as autorizacións concedidas, as súas condicións e as posibles renovacións, alteracións ou revogacións.

En Galicia realízanse implantes de oito tipo de tecidos. En 2007 realizáronse en Galicia un total de 925 implantes de tecidos, o que supón unha taxa de 334 intervencións por millón de habitantes. O tecido máis implantado foi o óseo, con 603 enxertos deste tipo.

Servizos de Sanidade Ambiental

Por outra banda, o Consello da Xunta tamén aprobou a modificación da estrutura orgánica da Consellería de Sanidade para crear os servizos de Sanidade Ambiental das delegacións provinciais deste departamento da Xunta. Esta creación xustifícase polo incremento de competencias asumidas por estas seccións, ata o de agora integradas nos servizos de Protección da Saúde provinciais.

Estes servizos serán os encargados, entre outras funcións, da coordinación das inspeccións en materia de sanidade ambiental, do seguimento de cursos e programas de formación e información neste ámbito, e a coordinación e emisión de informes de avaliación dos programas e actividades encomendados a Sanidade Ambiental.

O GOBERNO GALEGO CONVOCA MÁIS DE MIL PRAZAS NA SÚA OFERTA PÚBLICA DE EMPREGO DE PERSOAL LICENCIADO SANITARIO DE 2008



- **Ofértanse un total de 1.002 prazas de 47 categorías sanitarias, das cales 602 son para médicos de familia**
- **A Consellería de Sanidade cumpre así o seu compromiso de convocatoria de procesos estables de xeito bienal**

O Consello da Xunta deu o visto e praxe esta mañá ao decreto polo que se aproba a Oferta de emprego público das categorías de persoal estatutario licenciado sanitario do Servizo Galego de Saúde para este ano 2008. En total ofértanse 1.002 prazas de 47 categorías sanitarias, das cales 602 son para médicos de familia.

Con este decreto, a Consellería de Sanidade cumpre co seu compromiso de convocatoria bienal de ofertas públicas de emprego. O pasado ano 2006 convocouse a primeira oferta de emprego de carácter ordinario para facultativos dos últimos 16 anos, é dicir, de toda a historia do Servizo Galego de Saúde.

A distribución das prazas por categoría/especialidade queda como segue:

CATEGORÍA/ESPECIALIDADE	TOTAL
MEDICO/A DE FAMILIA	602
ODONTÓLOGO/A ATENCIÓN PRIMARIA	24
PEDIATRA ATENCIÓN PRIMARIA	25
FARMACÉUTICO/A ATENCIÓN PRIMARIA	3
MEDICO/A COORDINADOR/A 061	2
ALERGOLOXÍA	3
ANÁLISES CLÍNICAS	4
ANATOMÍA PATOLÓXICA	5
ANESTESIOLOXÍA E REANIMACIÓN	36
ANXIOLOXÍA E CIRURXÍA VASCULAR	1
APARELLO DIXESTIVO	4
CARDIOLOXÍA	12
CIRURXÍA CARDIOVASCULAR	1
CIRURXÍA ORAL E MAXILOFACIAL	2
CIRURXÍA ORTOPÉDICA E TRAUMATOLOXÍA	23
CIRURXÍA PEDIÁTRICA	1
CIRURXÍA PLÁSTICA, ESTÉTICA E REPARADORA	2
CIRURXÍA TORÁCICA	3
CIRURXÍA XERAL E DO APARELLO DIXESTIVO	16
DERMATOLOXÍA MÉDICO-CIRURXICA E VENEREOLOXÍA	2
ENDOCRINOLOXÍA E NUTRICIÓN	3
FARMACIA HOSPITALARIA	5
HEMATOLOXÍA E HEMOTERAPIA	5
MEDICINA DO TRABALLO	3
MEDICINA FÍSICA E REHABILITACIÓN	5
MEDICINA INTENSIVA	9
MEDICINA INTERNA	25
MEDICINA PREVENTIVA E SAÚDE PÚBLICA	1
MÉDICO/A URXENCIAS HOSPITALARIAS	43
MICROBIOLOXÍA E PARASITOLOXÍA	3



NEFROLOXÍA	4
NEUROFISIOLOXÍA CLÍNICA	3
NEUROLOXÍA	12
OBSTETRICIA E XINECOLOXÍA	20
OFTALMOLOXÍA	16
ONCOLOXÍA MÉDICA	6
ONCOLOXÍA RADIOTERAPICA	1
OTORRINOLARINGOLOXÍA	7
PEDIATRÍA E AS SÚAS AREAS ESPECIFICAS	18
PNEUMOLOXÍA	3
PSICOLOXÍA CLÍNICA	4
PSIQUIATRÍA	14
RADIODIAGNÓSTICO	11
RADIOFÍSICA HOSPITALARIA	2
REUMATOLOXÍA	4
UROLOXÍA	3
XERIATRÍA	1
TOTAL	1.002

Estas 1.002 prazas serán provistas polo sistema de concurso-oposición. O 50 por cento das prazas ofertadas en cada categoría ou especialidade resérvanse para a súa provisión polo sistema de promoción interna, e resérvase unha cota non inferior ao sete por cento do total das vacantes ofertadas para ser cubertas por persoas con discapacidade.

Estabilidade

No pasado mes de xuño, tomaron posesión das súas prazas os 505 profesionais médicos de 43 especialidades e os 46 farmacéuticos de Atención Primaria do Servizo Galego de Saúde. Tamén se incorporaron aos seus destinos finais outros 108 facultativos -dos que 31 proceden doutros servizos de saúde- que participaron no concurso de traslados. A convocatoria periódica de ofertas públicas de emprego e de concursos de traslados garántelle ao profesional unha estabilidade no propio sistema sanitario e unha mobilidade dentro del.

O Goberno galego mostra con esta convocatoria a súa aposta pola mellora da situación laboral dos profesionais no sistema público de saúde de Galicia. Nos tres últimos orzamentos (2006,2007 e 2008) recóllese a creación de 2.748 novas prazas de todas as categorías de persoal, unha cifra superior ás 2.647 prazas creadas nos oito orzamentos anteriores (entre 1998 e 2005).

Estas convocatorias de ofertas públicas de emprego ordinarias e de concursos de traslados forman parte da política transversal do Goberno galego de máis e mellor emprego. Así, xunto ás devanditas convocatorias públicas, hai que engadir, entre outros, os acordos subscritos no ámbito da Mesa Sectorial de Sanidade para o desenvolvemento do plan de estabilidade laboral e fin da precariedade; sobre as condicións de traballo do persoal médico de Urgencias Hospitalarias; de integración do persoal médico cun horario de consulta de dúas horas e media; de desenvolvemento de carreira profesional; de



integración do persoal das fundacións; de desenvolvemento do plan de mellora; e o de mellora das condicións de traballo e retributivas do persoal residente en formación.



A XUNTA ESTABLECE O CALENDARIO DE FESTIVIDADES AUTONÓMICAS PARA O VINDEIRO ANO

- ***O 19 de marzo, día de San Xosé, será festivo en 2009***

O Consello da Xunta aprobou esta mañá o decreto polo que se fixan os días festivos que haberá na Comunidade Autónoma de Galicia o ano que vén. Respecto dalgunhas festas de ámbito estatal, as comunidades Aautónomas teñen facultades de opción ou de substitución por outras que por tradición lles sexan propias. Débese a isto que o vindeiro 19 de marzo, día de San Xosé, será festivo.

Segundo as precisións contidas no Estatuto dos Traballadores e no Real Decreto 2001/1983, do 28 de xullo, a situación para a elaboración do calendario laboral para o ano 2008 en función das festividades estatais era a seguinte:

RELACIÓN DE FESTAS ESTATAIS E DAS TRADICIONAIS DE GALICIA:			
DATA	FESTIVIDADE	DÍA 2009	CARÁCTER
1 de xaneiro	Aninovo	Xoves	Non substituíble, nin trasladable (art. 37.2 ET)
6 de xaneiro	Día de Reis	Martes	Pódese substituír; non entanto en Galicia sempre se mantivo.
19 de marzo	San Xosé	Xoves	O RD prevé que as CC.AA. opten por esta festa ou Santiago Apóstolo; en Galicia sempre se optou por esta última e no caso de que o calendario anual o permita, por coincidir en domingo algunha outra festa, tamén se declara festivo o día de San Xosé.
9 de abril	Xoves Santo	Xoves	Pode substituírse, non entanto sempre se mantivo en Galicia.
10 de abril	Venres Santo	Venres	Non substituíble, polo acordo coa Santa Sé (Art. 45 RD)
1 de maio	Festa do Traballo	Venres	Non substituíble, nin trasladable (art. 37.2 ET)
17 de maio	Día das Letras Galegas	Domingo	Cando o calendario anual o permite declárase como festivo en Galicia, con preferencia a San Xosé.
25 de xullo	Santiago Apóstolo Día Nacional de Galicia	Sábado	O RD prevé que se opte polo día de San Xosé ou esta festa. En Galicia sempre se optou polo 25 de xullo.
15 de agosto	A Asunción	Sábado	Non substituíble polo acordo coa Santa Sede (Art. 45 RD)
12 de outubro	Día da Hispanidade	Luns	Non substituíble (Art. 37.2.ET)
1 de novembro	Todos os Santos	Domingo	Non substituíble, polo acordo coa Santa Sede (Art. 45 RD)
7 de decembro	Día da Constitución (trasládase ao luns)	Luns	Non substituíble segundo o Art. 45 RD
8 de decembro	A Inmaculada	Martes	Non substituíble, por acordo coa Santa Sede.
25 de decembro	Nadal	Venres	Non substituíble, nin trasladable (Art. 37.2 ET)



Para dar unha certa estabilidade nos calendarios laborais anuais, os criterios seguidos pola Xunta para a determinación do calendario autonómico nestes últimos anos son os seguintes:

- Opción polo 25 de xullo, Santiago Apóstolo, Día Nacional de Galicia.
- Sempre que o calendario anual o permita, por coincidir en domingo algunha festa de carácter estatal, decláranse como festivos as seguintes festas pola seguinte orde de preferencia:
 - o 17 de maio, Día das Letras Galegas, por tratarse dunha festa de carácter cultural e pola súa significación, xa que promociona a nosa lingua e nos identifica como pobo.
 - o 19 de marzo, Día de San Xosé, cando o calendario anual o permite tamén se declara como festivo o día de San Xosé.

Así pois, para 2009, ao coincidir en domingo dúas das festas de carácter estatal, o 1 de novembro, Día de Todos os Santos, e o 6 de decembro, Día da Constitución, e facendo uso da posibilidade recollida no Real decreto 2001/1983, optouse pola súa substitución polos días anteriormente mencionados: o 17 de maio e o 19 de marzo.

Non obstante, o vindeiro ano, dáse a circuntancia de que o 17 de maio, Día das Letras Galegas, coincide tamén en domingo, polo que se debe asignar outro día como festivo para a Comunidade galega. Así, seguindo o criterio do Estado de trasladar ao luns inmediatamente seguinte aquelas festas estatais que coincidan en domingo, e aproveitando que o 8 de decembro tamén é festivo, decidiuse trasladar a festividade do 6 de decembro, Día da Constitución, ao luns 7 de decembro.

Por todo o exposto, a proposta do calendario laboral de Galicia para 2008 concrétase do seguinte xeito:



FESTIVIDADE	DATA
Aninovo	1 xaneiro
Día de Reis	6 xaneiro
San Xosé	19 marzo
Xoves Santo	9 abril
Venres Santo	10 abril
Festa do Traballo	1 maio
Día Nacional de Galicia, Santiago Apóstolo	25 xullo
A Asunción	15 agosto
Día da Hispanidade	12 outubro
Día da Constitución (trasládase ao luns)	7 decembro
A Inmaculada	8 decembro
Nadal	25 decembro



A XUNTA DOTARÁ O CONCELLO DE BUEU DUN LOCAL DE ENSAIO PARA A MOCIDADE

- ***O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e o Concello de Bueu para o financiamento da obra e o equipamento***
- ***A Dirección Xeral de Xuventude destinará 200.000 euros para a reforma e ampliación con este fin dun edificio situado no lugar do Valado***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e o Concello de Bueu para levar a cabo a reforma e ampliación do edificio que acollerá o local de ensaio para os grupos musicais da zona, dentro da Rede Galega de Locais de Ensaio.

En virtude deste convenio, a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar achega 200.000 euros para as obras e o equipamento do inmovible, de propiedade municipal, que está situado no lugar do Valado. O orzamento global deste proxecto ascende a 398.331 euros, dos cales o Concello achegará a cantidade restante.

Unha vez rematadas as obras, as instalacións contarán con dúas salas de ensaio, cabina de gravación e almacén de instrumentos, así como con dúas salas multiusos e os correspondentes despachos, almacéns e aseos. Ademais, cos fondos da Vicepresidencia dotarase o local de instrumentos e demais equipos de son e de gravación, indispensables para o ensaio dos grupos musicais.

Rede Galega de Locais de Ensaio

A día de hoxe son xa 15 os locais de ensaio que están abertos en Galicia. Nestas infraestruturas, a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar leva investido ao redor dun millón e medio de euros. Ao longo do ano 2008, entrarán en funcionamento outros 15 locais, cun investimento previsto de 1,4 millóns de euros, aos cales hai que sumarles outros 100.000 euros máis que corresponden a unha nova liña de axudas para o mantemento dos centros e mellora das súas instalacións e dotacións técnicas. Deste xeito, a finais de ano, haberá uns 30 locais de ensaio, cuxo investimento ascende a case tres millóns de euros.

A Rede Galega de Locais de Ensaio ten un dobre obxectivo: deseñar recursos, programas e equipamentos atractivos ás demandas da xuventude galega e traballar a *canteira* dos creadores emerxentes.



A XUNTA ACHEGA MÁIS DE 188.000 EUROS AO DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE FORTALECEMENTO INSTITUCIONAL NAS MUNICIPALIDADES NICARAGUANAS DE CHAMPERICO E RETALHULEU

- *O Goberno galego autorizou hoxe, na súa reunión semanal, a sinatura dun convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Relacións Exteriores, a través da Dirección Xeral de Cooperación Exterior, e a Fundación INCIDE con esta finalidade*
- *O obxectivo da Xunta é contribuír ao fortalecemento institucional destas dúas municipalidades e á súa gobernabilidade democrática, como elementos centrais para o desenvolvemento integral de Champerico e Retalhuleu*

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a sinatura dun convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Relacións Exteriores, a través da Dirección Xeral de Cooperación Exterior, e a Fundación INCIDE para a posta en marcha dun Programa de Fortalecemento Institucional nas municipalidades nicaraguanas de Champerico e Retalhuleu. Para esta finalidade, a Xunta de Galicia destinará un total de 188.123 euros.

O obxectivo deste programa é o de contribuír á promoción do desenvolvemento e á gobernabilidade democrática destas dúas municipalidades de Nicaragua, país prioritario dentro do Plan Director de Cooperación Exterior da Xunta de Galicia, co obxectivo de que estas rexións avancen en condicións des sustentabilidade e desenvolvemento integral.

Accións concretas

Así, no marco deste programa, promoverase o establecemento dun sistema de planeamento estratéxico para os municipios (posta en marcha de plans de traballo e dunha planificación para estes municipios); fortalecerase a participación cidadá no ámbito municipal a través, entre outras accións, da posta en marcha dun obradoiro de indución ás autoridades municipais ao sistema de participación cidadá e desenvolveranse as capacidades administrativas municipais, a través dunha metodoloxía específica.

O Goberno galego colaborará nesta iniciativa coa Fundación INCIDE, institución que posúe unha experiencia contrastada neste tipo de accións, e que ten como obxectivos específicos promover a prestación de servizos sociais e fortalecer valores humanos e culturais en áreas do mundo que posúen déficits neste sentido.

O custo total deste proxecto de fortalecemento institucional ascende a 196.810 euros, dos que a Xunta achega un total de 188.123. euros.



JOSÉ LUIS MÉNDEZ ROMEU É NOMEADO PRESIDENTE DA FUNDACIÓN SEMANA VERDE

- ***O Consello designou tamén aos membros do padroado en representación da Xunta***

O Consello da Xunta autorizou hoxe o acordo polo que se designa ao conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, José Luis Méndez Romeu, presidente da Fundación Semana Verde e ao secretario xeral da Consellería de Presidencia; o director Instituto Galego de Promoción Económica; o director de Área de Promoción, Innovación e Información Empresarial; o secretario xeral da Consellería de Medio Rural; a directora xeral de Comercio e o director xeral de Turismo como membros do padroado da mesma en representación da Xunta de Galicia.

O presidente exercerá a representación da Fundación, convocará as reunións do padroado, presidiráas, dirixirá os seus debates, dirimindo co seu voto os empates nas votacións, e executará os acordos, podendo para isto realizar toda clase de actos e asinar os documentos necesarios.

O padroado é o órgano de goberno, representación e administración da Fundación e executará as funcións que lle corresponden con suxeición ao disposto no ordenamento xurídico e nos estatutos da Fundación. Este padroado estará composto polo presidente da Fundación, os seis patróns representantes da Xunta de Galicia, un patrón representante do Concello de Silleda, un pola Deputación de Pontevedra e dous en representación da Asociación Feiral Semana Verde de Galicia. Os patróns non poderán recibir retribucións polo desempeño da súa función.

Facultades do padroado

Son facultades do padroado exercer a inspección, vixilancia e orientación da labor da Fundación; fixar as liñas xerais sobre a distribución e aplicación dos fondos dispoñibles entre as finalidades; aprobar o plan de actuación e as contas anuais; e aprobar o cadro de persoal e o sistema de retribucións, entre outras. Así mesmo, o padroado reunirse, polo menos, dúas veces ao ano.

De feito, o padroado elaborará e remitirá ao protectorado da Fundación, nos últimos tres meses de cada exercicio, un plan de actuación que conteña os obxectivos e as actividades previstas para o seguinte exercicio. Así mesmo, formulará e aprobará tamén as contas anuais, que comprenden balance, conta de resultados e memoria.

O padroado elixirá, de entre os seus membros e por maioría absoluta, un vicepresidente que, ademais de asumir as funcións do presidente por vacante, ausencia ou enfermidade deste, actuará en representación da Fundación segundo o que se determine no acordo do padroado. Así mesmo, asistirá ao padroado un secretario –non patrón– que será un letrado designado pola Asesoría Xurídica da Xunta e que terá voz, inda que non voto, nas



reunións. O secretario custodiará a documentación pertencente á Fundación, redactará as actas das reunións do padroado e expedirá as certificacións e informes necesarios.

O padroado da Fundación Semana Verde terá plena liberdade, segundo se recolle nos estatutos, para determinar as actividades da mesma para acadar os obxectivos máis axeitados ou convenientes en cada momento, baixo criterios de imparcialidade, non discriminación e sustentabilidade e atendendo ao cumprimento dos fins da Fundación.

Estatutos

O pasado mes de xullo o Consello da Xunta autorizou o acordo polo que se modifican os estatutos da Fundación Semana Verde de Galicia, que terá un director xeral responsable das funcións ordinarias de administración e xestión. Ademais, como mínimo, o 70% dos resultados das explotacións económicas e dos demais ingresos que se obteñan deberán destinarse á realización dos fins fundacionais.

O director xeral será nomeado polo padroado, a proposta do presidente do mesmo, e poderá ser un cargo retribuído mediante relación laboral. Encargarase de levar a xestión económica da Fundación e a xestión do persoal e tamén de executar e facer cumprir os acordos do padroado, executar o plan estratéxico da Fundación e a avaliación dos seus resultados, dando conta ao padroado.

Como mínimo, o 70% dos resultados das explotacións económicas e dos demais ingresos que se obteñan –deducidos os gastos- deberán destinarse á realización dos fins fundacionais. O resto usarase para incrementar a dotación fundacional ou para reservas. No cálculo dos ingresos non se incluírán as doazóns recibidas en concepto de dotación.

Os beneficiarios da Fundación serán as persoas físicas e xurídicas que realicen as actividades da Fundación ou estean interesadas nas mesmas. A determinación dos beneficiarios será efectuada polo padroado, baixo criterios de imparcialidade e non discriminación. A título enunciativo, serán beneficiarios os agricultores, as empresas, os seus traballadores e familias e, en xeral, todo o sector económico galego –especialmente agrícola, gandeiro e forestal-.

Ademais, a Fundación financiarase, para desenvolver as súas actividades, cos recursos que proveñan do rendemento do seu patrimonio e cos procedentes de axudas, subvencións ou doazóns que reciba de persoas ou entidades, tanto públicas como privadas.

Fins e actividades da Fundación

O domicilio da Fundación fíxase, segundo os estatutos, no Recinto Feiral de Silleda e esta desenvolverá as súas actividades en Galicia. Inda así, a Fundación poderá actuar en calquera ámbito xeográfico co obxectivo de realizar os seus fins fundacionais: contribuír ao desenvolvemento do sector agrario, a través de actividades feirais e mercados agropecuarios; promover a cooperación público-privada no desenvolvemento de actividades feirais e promocionais no eido agrario, alimentario, industrial e comercial para



impulsar estes sectores; reforzar a posición estratéxica de Galicia como plataforma feiral para o desenvolvemento de grandes eventos sectoriais de ámbito estatal e internacional; e impulsar e promocionar o Recinto Feiral de Galicia en Silleda como infraestrutura de promoción e exposición comercial e como un enclave estratéxico para o desenvolvemento socioeconómico da Comunidade.

Para a consecución destes fins, a Fundación pode realizar actividades fundacionais como a organización de actividades feirais, expositoras e promocionais de carácter agrario e industrial; colaborar co sector público e privado na realización de eventos sectoriais, expositivos e lonxas de contratación; facilitar a implantación de actividades económicas públicas, privadas ou mixtas baixo o réxime de concertación -dentro das súas instalacións e terreos- e prestar servizos e aportar medios técnicos e instalacións do Recinto Feiral de Galicia en Silleda para contribuír á viabilidade económica da Fundación e a elevar o nivel económico da zona e para impulsar e mellorar da posición estrutural dos sectores agroalimentario e industrial; e patrocinar o certame anual Semana Verde de Galicia e subscribir convenios de colaboración e patrocinio coas entidades públicas ou privadas que contribúan ao cumprimento dos fins fundacionais.



O GOBERNO GALEGO COLABORA CO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA NA MELLORA DE SERVIZOS E DOTACIÓN DE EQUIPAMENTOS DE USO PÚBLICO NO NÚCLEO RURAL DE CASTRO DE AGUDÍN

▪ ***Política Territorial financiará as obras con 485.660 euros***

O Consello da Xunta autorizou hoxe un convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Concello de Vilagarcía de Arousa para levar a cabo o proxecto de mellora de servizos e dotación de equipamentos de emprego público no núcleo rural de Castro de Agudín.

As obras, que serán financiadas integramente por Política Territorial, consisten na recuperación do contorno máis urbano do núcleo próximo á praza de Castro Agudín, en que se sitúa o centro cívico. Este espazo urbanizarase empregando materiais propios do contorno como a pedra e madeira e habilitando zonas verdes e espazos arborizados. A mellora estenderase ata o camiño público de acceso ao colexio, en cuxas inmediacións se construíra un parque infantil de xogos. A actuación tamén recolle a recuperación do leito dun rego natural así como o soterramento das liñas eléctricas da zona.

Acometerase así remodelación e adecuación da zona ás necesidades actuais, mediante a preparación do terreo para o pavimentado, a construción de beirarrúas, a instalación de rede de sumidoiros e iluminación pública, así como a plantación de árbores e a creación de zonas verdes. Para iso, a Consellería de Política Territorial fai unha achega de 485.660 euros e levará a cabo as actuacións de contratación, execución e dirección das obras, mentres que o Concello de Vilagarcía asumirá a explotación, mantemento e conservación delas e os seus servizos unhas vez construídas.

Estas melloras que realizará a CPTOPT en Castro Agudín teñen como obxectivo recuperar un contorno rural tradicional con actuacións e materiais que repercutirán moi positivamente tanto na funcionalidade dos servizos e espazos públicos como na seguridade viaria dos cidadáns, ademais de na propia estética de toda a parroquia, mellorando así a calidade de vida dos veciños de Castro Agudín.



A XUNTA FINANCIARÁ CON 358.000 EUROS AS OBRAS DE URBANIZACIÓN DA RÚA AGRO DO BALO, EN BANDEIRA (SILLEDA)

O Consello da Xunta autorizou hoxe un convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Concello de Silleda para levar a cabo o proxecto de urbanización da rúa Agro do Balo de Bandeira, no termo municipal de Silleda.

Para iso, a Consellería achegará 358.000 euros, asumindo as tarefas de contratación, execución, dirección e recepción das obras. O Concello de Silleda, pola súa banda, pon á disposición da CPTOPT os terreos necesarios para acometer as obras así como os correspondentes permisos e autorizacións. Ademais, encargárase de explotar, manter e conservar os traballos e os seus servizos.

Esta actuación enmárcase dentro dos obxectivos da Consellería de Política Territorial de participar na ordenación do territorio e a planificación urbanística, de xeito que se lles proporcione aos usuarios unha eficaz, segura e cómoda rede que lles facilite o acceso aos distintos equipamentos e se fomente un desenvolvemento harmónico.



A XUNTA DE GALICIA COLABORA COA FEDERACIÓN GALEGA DE COMERCIO PARA O FOMENTO DO COMERCIO RETALLISTA

- ***O Goberno galego achegará 640.000 euros para o desenvolvemento de actuacións de promoción comercial***

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a Consellería de Innovación e Industria para asinar un convenio de colaboración coa Federación Galega de Comercio para a realización de diversas actuacións de fomento do comercio retallista en Galicia, ás cales o departamento autonómico achegará un total de 640.000 euros.

Este convenio permitirá desenvolver distintas actuacións, entre as cales destaca a Gran Quincena do Comercio Galego, unha campaña publicitaria promocional que se realizará no mes de novembro, co gallo de fomentar as compras no pequeno comercio entre a época transitoria entre as campañas de volta ao colexio e o Nadal.

Ademais, impulsarase o comercio galego a través do VI Congreso do Comercio Galego que se celebrará en outono na Coruña. Este congreso convocará ás asociacións de comercio locais e sectoriais das catro provincias galegas e os representantes do comercio galego e español. Como última medida, Innovación e Industria contribuirá a normalizar e facilitar o uso do galego entre comerciantes e consumidores, no devir das transaccións comerciais cotiás, grazas ao Dicionario ilustrado do comercio.



O GOBERNO GALEGO APOIA UN PROXECTO DE INVESTIGACIÓN DE EXCELENCIA CENTRADO NA CONCEPCIÓN SUSTENTABLE DAS PLANTAS DE TRATAMENTO DE RESIDUOS

- ***A Consellería de Innovación e Industria asinará un convenio de colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela para cofinanciar o proxecto NOVEDAR, aprobado polo programa CONSOLIDER-INGENIO 2010***
- ***O proxecto está participado por 11 grupos de investigación de universidades españolas e holandesas e conta cunha dotación orzamentaria de 4,5 millóns de euros para cinco anos***

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a Consellería de Innovación e Industria para asinar coa Universidade de Santiago de Compostela un convenio de colaboración para o desenvolvemento do proxecto NOVEDAR, inscrito no programa estatal CONSOLIDER, e que consiste no desenvolvemento, implementación e avaliación de tecnoloxías para o tratamento e recuperación de recursos de augas residuais.

A Consellería de Innovación, dentro das súas actuacións de apoio aos proxectos de investigación dos grupos de investigación de maior excelencia e masa crítica de Galicia que polas súas dimensións e relevancia non quedan cubertos suficientemente polas convocatorias dos plans estatais e autonómicos de I+D+i, contribuirá economicamente ao desenvolvemento do proxecto NOVEDAR cofinanciándoo durante a súa vixencia (2008-2012). A achega da consellería para 2008 acada a cantidade de 70.000 euros, un 47% do orzamento total do proxecto para esta anualidade. As achegas deste departamento para os seguintes anos serán fixadas unha vez definido o importe das actividades que se van desenvolver en cada anualidade.

A Universidade de Santiago de Compostela, a través do grupo de investigación de enxeñería ambiental e bioprocesos, lidera o proxecto en que participan outros 10 grupos de investigación das universidades de Cantabria, Barcelona, Cádiz, Girona, Valencia, Murcia, Valladolid, Delft e Wageningen (Holanda), así como o Centro de Estudos e Investigacións Técnicas de Guipúzcoa.

Características do proxecto

O proxecto NOVEDAR inclúe un programa de actividade investigadora integral centrado na concepción sustentable das plantas de tratamento de augas residuais cunha orientación tecnolóxica enfocada, entre outros fins, a minimizar os consumos de enerxía e produción de lodos, mellorar a seguridade e fiabilidade das plantas e recuperar recursos (incluíndo auga, nutrientes, enerxía, etc.). A duración do proxecto é de cinco anos e conta cunha dotación orzamentaria total de 4,5 millóns de euros.

Os obxectivos xerais do proxecto son desenvolver novos procesos e tecnoloxías para o tratamento de augas residuais e lodos, estudando o problema desde un punto de vista global e multidisciplinar, transferir tecnoloxía eficazmente e formar científicos e técnicos altamente cualificados.



A participación da Universidade de Santiago de Compostela no proxecto engloba tarefas de coordinación, actividades científico-tecnolóxicas e de formación. Como coordinadores do proxecto, o grupo de investigación da USC é o encargado de planificar e organizar as reunións periódicas do equipo de traballo, de xestionar a distribución do orzamento e de facer un seguimento do cumprimento dos obxectivos.

No tocante á actividade científico-tecnolóxica, o grupo da USC é o responsable do desenvolvemento dos procesos tecnolóxicos para a eliminación da materia orgánica, dos nutrientes e de microcontaminantes das augas residuais mediante reactores con biomasa en suspensión, así como de coordinar o módulo de traballo sobre Estratexias de xestión para diferentes escenarios e horizontes temporais.

No terreo da formación, o grupo organizará unha escola de verán sobre “Tecnoloxías innovadoras para a operación integral de plantas de tratamento de augas residuais” e o curso Tecnoloxías avanzadas de tratamento de augas residuais, dirixido a profesionais do sector industrial e universitario, así como un seminario anual dirixido a divulgar os resultados obtidos ao longo do proxecto polos diferentes investigadores involucrados.



OS FONDOS DE TARIFA DESTINADOS ESTE ANO Á MELLORA DA CALIDADE DO SERVIZO ELÉCTRICO EN GALICIA ACHÉGANSE AOS 26 MILLÓNS DE EUROS, O 33% MÁIS QUE EN 2007

- ***A Consellería de Innovación, as empresas eléctricas e o Ministerio de Industria prorrogarán o convenio marco de colaboración para a realización de plans de mellora da calidade do servizo eléctrico, plans de control de tensión e actuacións de limpeza de marxes das liñas***
- ***O convenio de 2008 recolle máis de 180 obras en infraestruturas eléctricas nas catro provincias galegas***

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a Consellería de Innovación e Industria para asinar unha prórroga dos convenios marco de colaboración que mantén tanto co Ministerio de Industria coma coas empresas de distribución eléctrica (Fenosa, Begasa e Apyde) para a execución este ano de novas obras de mellora da calidade do servizo eléctrico, plans de control de tensión e actuacións de limpeza de marxes das liñas. En total as actuacións en infraestruturas eléctricas financiadas conxuntamente pola Consellería, o Ministerio e as empresas acadan 25.941.738,33 euros. Este orzamento supera en 6,5 millóns (33,3%) o importe do convenio de tarifa asinado o ano pasado, o que permitirá incrementar as actuacións de mellora do servizo eléctrico, que serán máis de 180 e se executarán en dous anos.

Do orzamento total destinaranse a plans de mellora da calidade do servizo 18 millóns de euros, a plans de control de tensión 4,5 millóns e a obras de limpeza de vexetación das marxes por onde discorren liñas eléctricas de distribución outros 3,4 millóns. A Consellería de Innovación e Industria achega o 10% do importe das obras de calidade e control de tensión (2.257.267,5 euros), mentres que o Ministerio proporciona o 20% do orzamento destas obras e as empresas o 70%.

A prórroga do convenio, que se asinará nos próximos días, enmárcase na Estratexia Energos 2006-2009 da Consellería de Innovación e Industria. Esta ten entre os seus obxectivos a mellora da calidade da subministración de electricidade no conxunto do país, para o cal o departamento autonómico vén desenvolvendo programas de electrificación con especial atención ao desenvolvemento e mellora das infraestruturas eléctricas no medio rural.



O EXECUTIVO AUTONÓMICO FINANCIA A FORMACIÓN EN NOVAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN NOS PARQUES EMPRESARIAIS GALEGOS CON MÁIS DE 500.000 EUROS

- ***A Xunta e a Federación Galega de Parques Empresariais (FEGAPE) asinarán un convenio para a posta en marcha de formación en novas tecnoloxías en 97 parques empresarias galegos***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a Consellería de Innovación para asinar un convenio de colaboración coa Federación Galega de Parques Empresariais (FEGAPE) para a posta en marcha dun plan de formación en novas tecnoloxías dirixidos ás empresas do país, no marco do Plan Estratéxico Galego da Sociedade da Información (PEGSI) e do Plan Avanza. O departamento autonómico achegará o 100% do orzamento preciso para o desenvolvemento destas actuacións, un total de 509.362 euros.

O programa céntrase na posta en marcha dun plan de formación que chegará a todos os parques empresariais de Galicia (97) e que se centrará en tres campos de actuación: a factura electrónica, o DNI dixital e o comercio electrónico. No caso da factura electrónica, o plan persegue facilitar que a maior parte das empresas poidan adoptala como solución de facturación polas súas vantaxes en canto a aforro de custos, de envío e tramitación e de facer os cobramentos e pagamentos máis fluídos. O plan de formación pretende impulsar este tipo de solucións, aínda con moi baixa implantación na actualidade.

En canto ao DNI dixital, trátase dunha tarxeta de alta seguridade que ofrece importantes melloras tanto para os cidadáns en xeral como para o sector empresarial pola multitude de servizos que ofrece. O DNI dixital inclúe certificados dixitais de identidade e sinatura electrónica, facendo posible o desenvolvemento de servizos avanzados de Administración electrónica, ofrecendo máis seguridade nas transaccións de comercio electrónico e proporcionando un amplo abanico para o avance da sociedade da información. As vantaxes do DNI electrónico e da factura dixital vense reflectidas no auxe do comercio electrónico e no aumento da seguridade das transaccións a través da internet.

Por último, o plan tamén recolle actuacións formativas en comercio electrónico, unha modalidade que vai incrementando a súa presenza na sociedade a medida que as novas tecnoloxías se ven cada vez máis inmersas na actividade cotiá dos cidadáns.

Todas as accións de formación para o desenvolvemento do presente convenio disporán dun módulo no cal se recollerán as vantaxes que ofrece para as PEMES o emprego de software libre. Ademais, debido á magnitude do alcance do proxecto (a totalidade dos parques), as accións formativas dividiránse en zonas de actuación, de xeito que todos os parques teñan a posibilidade de acceder a calquera dos cursos que se desenvolvan nas localidades próximas á súa localización xeográfica.





A XUNTA DESTINA MÁIS DE 3 MILLÓNS DE EUROS AO DESENVOLVEMENTO DOS CLÚSTERS INDUSTRIAIS GALEGOS NO PERÍODO 2008-2009

- ***A Consellería de Innovación asinará un convenio cos clústers de Galicia para potenciar e incrementar a capacidade tecnolóxica e o nivel de calidade produtiva dos seus asociados***

A Xunta de Galicia colaborará cos clústers industriais galegos para a realización de diversas actividades durante os anos 2008-2009, dirixidas á potenciación e ao incremento da capacidade tecnolóxica e o nivel de calidade dos asociados. O Consello da Xunta autorizou esta mañá a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e os clústers do Produto Gráfico e do Libro Galego, da Madeira de Galicia, de Biotecnoloxía de Galicia, do Audiovisual Galego, da Acuicultura de Galicia, de Empresas da Automoción de Galicia e da Asociación Clúster do Naval Galego. O departamento autonómico compromete unha achega de 3.155.569,5 euros para o desenvolvemento deste convenio: 1.298.445,67 euros para a anualidade de 2008 e 1.857.123,83 euros.

Entre as actuacións que desenvolverán os clústers en virtude deste acordo figuran as seguintes:

- Plans de dinamización dos seus sectores ante a conxuntura económica actual
- Elaboración de plans estratéxicos, de viabilidade, de competitividade e de internacionalización
- Actuacións de internacionalización como participación en feiras internacionais, misións comerciais e creación de departamentos específicos de comercio exterior
- Implantación de plans de cooperación entre empresas
- Actuacións de difusión, información e márketing sectorial
- Actuacións encamiñadas a potenciar distintivos de marca sectorial que permita a promoción de valor diferencial existente e o seu recoñecemento e calidade a nivel estatal e internacional.

A consellería tamén colaborará cos clústers para o desenvolvemento de actuacións sobre loxística.



A XUNTA INVESTIRÁ 1,45 MILLÓNS NA CONVOCATORIA DE 2008 DO PROGRAMA MANUEL COLMEIRO PARA A CONSOLIDACIÓN DE CIENTÍFICOS

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o acordo polo que se autoriza a Consellería de Innovación e Industria a executar os compromisos de gasto de carácter plurianual do Programa Manuel Colmeiro, que se publicará no Diario Oficial de Galicia nas próximas semanas.

Esta aprobación é o paso previo á convocatoria da orde, que forma parte do Programa de Recursos Humanos do Plan Galego de I+D+i 2006 – 2010 (INCITE). O investimento que realizará a Consellería de Innovación e Industria a través da Dirección Xeral de I+D+i en axudas Manuel Colmeiro é de 1.450.500 euros, divididos do seguinte xeito: 583.500 euros en 2008, 433.500 euros en 2009 e 433.500 euros en 2010.

O Programa Manuel Colmeiro fomenta a incorporación estable dos investigadores cunha traxectoria destacada en universidades, organismos públicos de investigación e outros centros de I+D+i e incentiva o esforzo de consolidación do persoal docente e investigador por parte dos axentes do sistema galego de ciencia e tecnoloxía.

O orzamento da convocatoria vai destinado a financiar postos de traballo que cumpran os requisitos de calidade de produción e actividade científico-tecnolóxica e que resulten elixidos pola comisión de valoración. A cantidade mínima por contrato que achega o Manuel Colmeiro é a equivalente á retribución total dun profesor titular de universidade ou semellante nos organismos públicos de investigación, que en 2008 é de 43.350 euros anuais. As persoas que opten a postos de traballo financiados por esta convocatoria deben ter o grao de doutor cunha antigüidade mínima de seis anos e experiencia en centros de I+D ou universidades de fóra de Galicia.

As entidades adxudicatarias de axudas de incorporación e consolidación do persoal optarán a unha segunda liña de subvencións coa que se premia o esforzo realizado polos axentes galegos de I+D+i na contratación estable de científicos. Esta liña está dotada cunha contía total de 150.000 euros que se distribuirá entre as diferentes entidades beneficiarias.



A XUNTA CONTRATA O SERVIZO DE VACINACIÓN CONTRA A LINGUA AZUL QUE COMEZARÁ EN SETEMBRO

- ***A Consellería do Medio Rural realizou unha encomenda para a vacinación preventiva de 1,4 millóns de vacas, ovellas e cabras contra a lingua azul, cun orzamento de 5.010.000 euros***
- ***Esta medida de prevención contra o virus da lingua azul adóptase logo de ser consultada e consensuada cos representantes das organizacións profesionais agrarias e con AGACA.***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a Consellería do Medio Rural para a encomenda da realización de traballos do programa de control da enfermidade da lingua azul. Esta decisión adóptase tras a detección de circulación de determinados serotipos do virus da lingua azul en zonas próximas a Galicia e a constatación do avance da enfermidade cara ao noso territorio. A Consellería do Medio Rural acordou programar a realización dunha actuación preventiva mediante a vacinación dos animais maiores de tres meses das especies ovina, bovina e cabrúa e os animais ruminantes dos núcleos zoolóxicos, co obxecto de conseguir unha protección adecuada fronte á doenza. O orzamento para a realización desta campaña ascende a 5.010.000 euros.

Os traballos, encomendados a Tragsega, consisten na planificación e organización do operativo de forma coordinada cos servizos veterinarios oficiais; nos traballos de campo de vacinación fronte a lingua azul da especie bovina, ovina e cabrúa; na informatización de datos e resultados e, por último, na limpeza, desinfección e desinsectación de vehículos de gando e aplicación de repelentes fronte ao vector da lingua azul en animais destinados a movemento pecuario.

Tanto a primovacinação como a segunda dose de reforzo que se aplicarán realizaranse de acordo coa normativa vixente e os protocolos de actuación, sendo prioritaria naquelas zonas onde a situación epidemiolóxica o aconselle e nas áreas limítrofes de especial risco. Nas visitas ás explotacións que se vaian vacinar realizarase unha actualización dos censos das explotacións, unha comprobación axeitada da identificación animal conforme a lexislación vixente e a cumprimentación da documentación necesaria para constatar a vacinación dos animais.

A Dirección Xeral de Producción, Industrias e Calidade Agroalimentaria, a través da Subdirección Xeral de Gandarías, encargárase da dirección, supervisión e control dos traballos. O prazo de execución deste programa fíxase ata o 31 de decembro de 2008. A Consellería do Medio Rural lembra que a lingua azul é unha enfermidade vírica que afecta exclusivamente as especies gandeiras, sen ningunha incidencia na saúde pública.



A XUNTA INVESTIRÁ PRETO DE 800.000 EUROS NUNHA NOVA FASE DO PLAN DE INFRAESTRUTURAS NO MEDIO RURAL, CO OBXECTIVO DE MELLORAR AS DOTACIÓNS BÁSICAS DO SECTOR PRODUTIVO

- ***A Consellería do Medio Rural desenvolve outra nova fase do Plan de Infraestruturas Rurais de acordo con proxectos de dinamización da base produtiva e de obras de servizos básicos, na que asinará convenios con 6 concellos por un orzamento de 796.892 euros***

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a Consellería do Medio Rural para a sinatura de convenios para a realización de obras de infraestrutura rural cos concellos de Larouco, A Mezquita, Montederramo, Xinzo de Limia, O Rosal e Tui, no marco do Plan de Infraestruturas Rurais 2008. As actuacións serán financiadas con fondos propios da Xunta, que suman 796.892 euros distribuídos en varias anualidades.

O Plan de Infraestruturas no Medio Rural prevé a realización de proxectos nestes seis concellos, desenvolvidos de acordo con criterios de dinamización da base produtiva, co obxectivo de dignificar e mellorar a calidade de vida da poboación; de infraestruturas de servizos básicos como abastecementos de auga domiciliaria, saneamentos, camiños agrícolas ou pistas rurais; así como aqueles de singular natureza que entren nas competencias da consellería. Estes criterios aplícanse desde o ano 2006, logo de seren consensuados coa Fegamp.

Este programa naceu co fin de racionalizar os investimentos en obras de infraestruturas destinadas a mellorar a calidade de vida dos habitantes das zonas rurais e a potenciar o seu desenvolvemento, coa dotación de equipamentos públicos e de servizos básicos elementais necesarios para contribuír a fixar poboación.



O GOBERNO GALEGO CONTRATA A PRIMEIRA QUENDA DO PLAN DE INFRAESTRUTURAS NA RIBEIRA SACRA LUCENSE

- ***A Consellería do Medio Rural executará as obras de acondicionamento de camiños para os viñedos nesta primeira quenda do plan de “Actuación global de infraestruturas na Ribeira Sacra Lucense” nos concellos de Monforte de Lemos, A Pobra do Brollón e Ribas de Sil.***
- ***A partida orzamentaria para esta primeira rolda é de 583.472 euros, segundo acordou o Consello da Xunta***

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a Consellería do Medio Rural para a sinatura de convenios para a realización de obras de infraestrutura rural cos concellos de Monforte de Lemos, A Pobra do Brollón e Ribas de Sil no marco do Plan de actuación global de infraestruturas vitícolas na Ribeira Sacra 2008. O orzamento global para acometer esta primeira quenda ascende a 583.472 euros, dentro dun importe global que ascende a 10.699.337 euros.

O plan de actuación global de infraestruturas na Ribeira Sacra luguesa abrangue puntos estratéxicos de infraestruturas, capital humano, superficie territorial, variedade dos viñedos e modernización das explotacións. Os obxectivos que persegue esta primeira quenda do plan consisten en dignificar e mellorar a calidade de vida da poboación mediante a dotación equipamentos básicos e de infraestruturas no medio rural que permitan a mecanización da produción nunha zona de elevadas dificultades e que serán destinadas a apoiar o sector vitivinícola consolidado e con proxección de futuro modernizando as explotacións e consolidando as existentes para favorecer o relevo xeracional no sector.

Este plan de infraestruturas na Ribeira Sacra conta cunha partida orzamentaria de 10.699.337 euros e está destinado impulsar a actividade produtiva da zona, conxugada cunhas condicións climáticas, edafolóxicas, turísticas e de ocio que lle ofrecen un valor engadido á actividade vitivinícola da DO Ribeira Sacra. Nesta primeira quenda destinaranse un total de 583.472 euros para impulsar a zona sur da provincia de Lugo. Os concellos nos que nesta primeira rolda se executarán as actividades de acondicionamento de camiños para o acceso aos viñedos son Monforte de Lemos, A Pobra do Brollón e Ribas de Sil, lugares que presentan unha deficiente dotación de infraestruturas rurais no seu territorio que producen carencias importantes que frean o desenvolvemento da zona.

No referente ás infraestruturas no medio rural, serán os concellos os que determinen as actuacións, con base en contribuír a dignificar e mellorar a calidade de vida da poboación que reside nestas zonas e apoiar a fixación de poboación, con actuacións de obras de infraestrutura básica para abastecemento de auga, infraestruturas de saneamento e depuración de augas, creación e mellora da rede viaria agraria e rural e outros servizos básicos elementais necesarios para o desenvolvemento rural e a súa base produtiva.



MEDIO RURAL INVESTIRÁ 2,3 MILLÓNS DE EUROS NO PLAN DE MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS VIARIAS DO RIBEIRO

- ***A Consellería do Medio Rural executará as obras de acondicionamento de preto de 70 camiños na comarca do Ribeiro co obxectivo de favorecer o desenvolvemento das actividades produtivas nesta área, inseridas no proxecto de “Impulso Vitivinícola do Ribeiro”. Esta actuación contará cun investimento de 2.363.503 euros, segundo acordou o Consello da Xunta.***

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a Consellería do Medio Rural para a sinatura de convenios para a realización de obras de infraestrutura rural con diversos concellos no marco do Plan de melloras das infraestruturas no Ribeiro 2008. O orzamento para acometer estas actuacións ascende a 2.363.503 euros, distribuídos en varias anualidades.

O plan de impulso vitivinícola do Ribeiro abrangue puntos estratéxicos de infraestruturas, capital humano, superficie territorial, variedade dos viñedos, promoción da calidade dos viños e modernización das explotacións. Os obxectivos que persegue este plan consisten en dignificar e mellorar a calidade de vida da poboación mediante a dotación de infraestruturas básicas, en impulsar os procesos de concentración da superficie territorial, en fomentar a presenza de variedades nobres e autóctonas nos viñedos, en garantir a revitalización demográfica integral, inxectando xuventude a todo o medio rural e fomentando o cambio xeracional na actividade produtiva, en estimular a produtividade, calidade e innovación modernizando as explotacións vitivinícolas, en avanzar na profesionalización dos recursos humanos que operan no Consello Regulador do Ribeiro e no impulso, promoción e difusión da calidade dos viños do Ribeiro de cara á súa extensión comercial.

En concreto, ao abeiro do Plan de Mellora das Infraestruturas Viarias no Ribeiro, inserido no impulso vitivinícola do Ribeiro, destinaranse 2.363.503 euros, distribuídos en varias anualidades, para o acondicionamento de 68 camiños nos concellos da Arnoia, Beade, Carballeda de Avia, Castrelo de Miño, Cenlle, Cortegada, Leiro, Ourense, Punxín, Ribadavia e Toén, actuacións correspondentes a aqueles lugares que presentan unha deficiente dotación de infraestruturas rurais no seu territorio que producen carencias importantes que frean o desenvolvemento da zona.

As accións do plan de impulso vitivinícola do Ribeiro persegue múltiples obxectivos, todos eles dentro do compromiso de converter o sector do viño nun motor de dinamización integral para o rural galego. O Plan vai servir para dignificar e mellorar a calidade de vida da poboación mediante a dotación de infraestruturas básicas, para impulsar os procesos de concentración da superficie territorial e para fomentar a presenza de variedades nobres e autóctonas nos viñedos. Ademais, ten por obxecto garantir a revitalización demográfica co fomento do cambio xeracional na actividade produtiva, así como estimular a produtividade, calidade e innovación coa modernización das explotacións vitivinícolas.



O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE DESTINA MÁIS DE 1,2 MILLÓNS DE EUROS PARA EQUIPAMENTO E OBRAS DE REFORMA NOS HOSPITAIS DE CEE, VERÍN, VILAGARCÍA E RIBEIRA

O Servizo Galego de Saúde vai investir 1.246.130 euros na mellora do equipamento e execución de obras de reforma necesarias que se van acometer nos hospitais Virxe da Xunqueira de Cee; Verín; Salnés, en Vilagarcía de Arousa; e da Barbanza, en Ribeira.

Para iso, o Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe os correspondentes acordos polos que se autoriza a subscrición de convenios de colaboración entre o departamento que preside María José Rubio Vidal e estes hospitais pertencentes á rede sanitaria pública galega.

A cantidade destinada para o Hospital Virxe da Xunqueira, de Cee, é de 335.150 euros; para o de Verín é de 282.714; ao Hospital do Salnés, en Vilagarcía de Arousa, destínanse 328.266 euros; e no Hospital da Barbanza, en Ribeira, investiranse os 300.000 euros restantes.

No Consello da Xunta do pasado 31 de xullo foi aprobado o Decreto sobre extinción de fundacións públicas hospitalarias e foi designada a comisión liquidadora das fundacións públicas hospitalarias da Barbanza, Virxe da Xunqueira, Verín e Salnés. Con esta medida púxose en marcha o proceso de extinción destas fundacións que se inicia coas actividades liquidadoras previstas na normativa aplicable e que rematará coa inscrición da extinción no Rexistro de Fundacións, acto este que suporá a extinción da personalidade xurídica das fundacións.

A extinción das fundacións, tal como se recolle no decreto, non suporá o cesamento da actividade asistencial realizada nos centros sanitarios en que estaban establecidas, que continuarán a formar parte do Sistema Público de Saúde de Galicia, pasando a integrarse como centros de xestión do Servizo Galego de Saúde.

Así pois, non obstante o proceso de extinción, cómpre levar a cabo a realización de obras e as dotacións necesarias que garantan o óptimo funcionamento dos centros hospitalarios.



A ILLA DE AROUSA CONTARÁ CUN NOVO CENTRO DE SAÚDE CON CATRO CONSULTAS DE MEDICINA XERAL

O Consello da Xunta aceptou hoxe a cesión gratuíta dun predio de 1.504 metros cadrados propiedade do Concello da Illa de Arousa no lugar de Bouzas, no que o Servizo Galego de Saúde acometerá a construción dun novo centro de saúde.

A parcela obxecto de cesión linda ao Norte cun instituto da ESO, ao Sur cunha parcela propiedade do Arcebispado de Santiago; ao Leste cun predio particular e ao Oeste coa rúa Franqueira.

O futuro centro de saúde da Illa de Arousa dispón dun programa funcional, que prevé un área asistencial cunha dotación de catro consultas de medicina xeral; catro para enfermaría, unha sala para toma de mostras, unha consulta polivalente e unha área para esperas. As dependencias da área pediátrica incluírán unha consulta para o profesional médico e unha para enfermaría.

Así mesmo, o novo centro de saúde terá acceso cuberto e específico para ambulancias, vestíbulo e recepción cunha área de espera; unha área de administración, que contará con biblioteca, sala de xuntas, sala de estar do persoal, vestiarios e unha zona específica para o arquivo das historias clínicas, así como un despacho de coordinación

O programa funcional para o futuro centro de saúde da Illa de Arousa tamén prevé a dotación arquitectónica de tres almacéns, aseos e espazo específico para instalacións eléctricas e de voz e datos.



A XUNTA INVESTIRÁ PRETO DE 1,5 MILLÓNS DE EUROS NA CONSTRUCIÓN DUN NOVO CENTRO DE SAÚDE NO BARRIO VIGUÉS DE BOUZAS

- ***O Consello da Xunta acordou hoxe aceptar a cesión dunha parcela de 436 metros cadrados por parte do Concello de Vigo para construír nela este centro***
- ***A nova instalación contará con sete consultas de medicina xeral e unha de pediatría***

O Consello da Xunta de Galicia acordou hoxe aceptar a cesión, a título gratuito, dunha parcela de 436 metros cadrados por parte do Concello de Vigo para a construción dun novo centro de saúde na parroquia de Bouzas.

Co acordo asinado hoxe, o Servizo Galego de Saúde completa así os trámites necesarios do procedemento administrativo de cesión de terreos, feito que lle permitirá iniciar o expediente para a construción dun centro de saúde nesta parcela na Rúa dos Ferreiros, números 3,5 e 7 -esquina alameda de Suárez Llanos-.

Para tal efecto, a Sanidade pública galega xa ten deseñado o Plan funcional dese novo centro de saúde, considerado prioritario na planificación dos investimentos sanitarios na comunidade galega. O orzamento estimado deste novo centro de atención primaria ascende a preto de millón e medio de euros.

O novo edificio asistencial, dimensionado para atender a unha poboación estimada entre 10.000 e 15.000 usuarios, contará con sete consultas de medicina xeral e sete de enfermaría. Contará tamén cunha área de pediatría dotada cunha consulta de pediatra e outra de enfermaría pediátrica ademais dunha zona de espera específica para os nenos. As súas instalacións prevén tamén a dotación dunha consulta para o traballador social, sala de toma de mostras, sala polivalente e unha sala de cirurxía menor.

O deseño do futuro edificio, que forma parte dos 66 centros de saúde previstos no Plan Director de Infraestruturas Sanitarias no que Sanidade inviste 1.300 millóns de euros en seis anos, deberá adecuarse ás prescricións establecidas no *Plan Especial de Protección e Reforma Interior da Zona Histórica de Bouzas*.



A XUNTA APROBA O PLAN GALEGO DE ACUICULTURA, QUE NACE PARA COMPATIBILIZAR O DESENVOLVEMENTO DAS INDUSTRIAS DO SECTOR CO RESPECTO POLO AMBIENTE

- ***O documento recolle un total de 24 localizacións no litoral galego que poderán adicarse á cría de peixes e outras especies mariñas***
- ***Ningunha das novas instalacións se atopará en espazos incluídos na Rede Natura***
- ***Coa aprobación do plan dáse cumprimento a unha das demandas do sector acuícola, xa que o texto do Goberno anterior non satisfacía este colectivo***
- ***O Plan Galego de Acuicultura supón unha aposta do actual Executivo autonómico por unha actividade en harmonía co contorno natural e paisaxístico de Galicia***
- ***A Consellería de Pesca, á hora de elaborar o texto definitivo, traballou en coordinación coas consellerías de Política Territorial, Medio Rural, Cultura e Medio Ambiente***
- ***Ademais, tivéronse en conta as achegas realizadas por departamentos dependentes do Goberno central e algunhas das feitas por outros organismos e particulares, derivadas do período de exposición pública nos meses de xullo e agosto do ano pasado***
- ***As actuacións previstas no plan suman unha superficie total de 2.854.150 metros cadrados e suporán un investimento lixeiramente superior aos 353 millóns de euros, xunto coa creación de 1.966 postos de traballo directos***
- ***Acadarase unha produción de 21.600 toneladas de peixes planos anuais e unha facturación superior aos 180 millóns de euros por exercicio cando as instalacións recollidas no plan estean traballando a pleno rendemento, nun período de 15 anos***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Plan Galego de Acuicultura, un documento co que o Goberno galego, a través da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, pretende ordenar o uso do litoral da nosa comunidade autónoma para a realización de actividades acuícolas, regulando o crecemento da acuicultura mariña desenvolvida en terra. Deste modo, o obxectivo final deste é promover unha acuicultura sustentable en Galicia, á vez que se aposta por definir dun xeito claro os novos espazos que poidan destinarse ao cultivo de especies mariñas; determinar as condicións xerais para o futuro desenvolvemento das instalacións; e reactivar economicamente as áreas implicadas.

Así, este texto busca compatibilizar o avance do sector acuícola co respecto polo ambiente, ao tempo que achega seguridade xurídica aos empresarios de cara aos investimentos que fagan en Galicia no eido desta actividade. De feito, este colectivo trasladoulle á titular de Pesca, Carmen Gallego Calvar, nas diferentes xuntanzas que mantiveron para abordar a elaboración do Plan Galego de Acuicultura, que o Plan Sectorial dos Parques de Tecnoloxía Alimentaria, aprobado no último Consello da Xunta do Goberno do PPdeG en 2005, non satisfacía as súas expectativas.



Polo tanto, dáse resposta ás demandas presentadas polo propio sector á vez que se cumpre o compromiso do Goberno galego de apostar polo coidado do contorno natural e paisaxístico de Galicia. Neste punto, cabe destacar que ningunha das novas instalacións se situará en espazos de Rede Natura.

Ademais, as premisas inspiradoras do documento en relación a ámbitos protexidos supoñen a redución en máis dun 92% dos terreos incluídos en Rede Natura que poden verse afectados por esta actividade, ao pasarse de case 671.000 metros cadrados a un total de 50.000 metros cadrados, que corresponden exclusivamente a ampliacións de plantas xa existentes e non a novas implantacións. É dicir, mentres que o anterior plan prevía unha afección á Rede Natura próxima ao 28% da superficie dos parques, o novo documento redúcea ata un 1,8%, unha porcentaxe imprescindible para permitir a viabilidade de empresas xa asentadas e con boas perspectivas de futuro que doutro xeito terían que pechar.

Colaboración con outros departamentos

Despois de iniciarse, a mediados de 2006, os trámites para revisar e modificar o Plan de Parques de Tecnoloxía Alimentaria, a Consellería de Pesca procedeu a redactar un novo documento, polo que mantivo diversas xuntanzas con representantes do sector acuícola, á vez que traballou en coordinación coas consellerías correspondentes para evitar dificultades e atrancos nas diferentes xestións administrativas.

Este texto, elaborado nun tempo récord, comezou a súa tramitación administrativa o 30 de xuño de 2007 coa publicación, no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), da resolución pola que era sometido a información pública durante un período de dous meses (ata o 31 de agosto). O obxectivo desta exposición foi que calquera organismo, asociación ou particular presentaran as alegacións que considerasen oportunas. Neste eido, cabe destacar que as alegacións recibidas ascenderon a un total de 1.001 e foron contestadas individualmente en todos os casos en que constaban uns elementos mínimos de identificación dos seus remitentes.

Ademais, coincidindo co período de información pública, foron solicitados, por parte de Pesca, informes sectoriais aos organismos competentes, entre os que se atopan, no tocante á Xunta, o ente Augas de Galicia e as consellerías Política Territorial, Obras Públicas e Transporte; Innovación e Industria; Medio Rural; Cultura e Deporte e Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible. Ademais, foron consultadas as deputacións provinciais de Lugo, A Coruña e Pontevedra e a Delegación do Goberno, así como aos ministerios de Defensa, Fomento, Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño.

Así mesmo, durante a exposición pública, o documento foi sometido a consultas individuais a certas persoas e entidades, determinadas pola Consellería de Medio Ambiente, tales como as empresas implicadas, os concellos concernidos e os limítrofes, as universidades ou asociacións ecoloxistas.



Á vista dos informes e das alegacións formuladas adoptáronse unha serie de determinacións que no eido dos parques concretos implicaron a introdución, en oito plantas, de referencias a elementos arqueolóxicos ou patrimoniais presentes no contorno, así como as cautelas necesarias para a súa protección; a redución da extensión de catro parques; a especificación da altura máxima nunha das novas edificacións; a corrección da superficie máxima de ocupación dun parque; e a supresión da ampliación de dúas instalacións. A maior parte destas variacións xa foron presentadas na Comisión de Pesca do Parlamento de Galicia polo director xeral de Recursos Mariños, Antonio García Elorriaga, o pasado mes de marzo.

Os seguintes pasos na tramitación foron a emisión da correspondente memoria ambiental por parte da Consellería de Medio Ambiente e dun informe final por parte da Dirección Xeral de Urbanismo da Consellería de Política Territorial, polo que, tras a aprobación do texto por parte do Consello da Xunta no día de hoxe, este entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no DOG.

Acuicultura sustentable ambientalmente

O Plan Galego de Acuicultura caracterízase por ser unha aposta do Goberno galego para compatibilizar o desenvolvemento das industrias co respecto polo ambiente e proba disto é que, ao contrario que o texto anterior, superou a avaliación ambiental estratéxica.

Ademais, os informes e alegacións tamén se tiveron en conta para a formulación da correspondente memoria ambiental por parte da Consellería de Medio Ambiente, na que se recollen condicionantes para garantir que o plan contribuirá á sustentabilidade ambiental da nosa comunidade autónoma.

Entre estes requisitos atópase o feito de que entre as directrices para o desenvolvemento dos proxectos sectoriais correspondentes a cada un dos parques, se incluírá a produción de, polo menos, un 10 por cento da enerxía necesaria a partir de fontes renovables.

Parques de acuicultura

O Plan Galego de Acuicultura, resultante da toma en consideración dos informes sectoriais e das alegacións, recolle un total de 24 parques de acuicultura (cinco na provincia de Pontevedra, 12 na da Coruña e sete na de Lugo), dos que 11 se corresponden con ampliacións de plantas xa existentes e os 13 restantes son novas edificacións. Deste xeito, as localizacións aptas para a realización de actividades acuícolas no litoral galego son as seguintes:

- O parque de “Orelludas” no Concello de Oia, de nova construción e cunha superficie de 47.500 metros cadrados.
- O parque de “Mougás” no Concello de Oia, que terá unha extensión máxima de 57.000 metros cadrados, nos que se permitirá a ampliación das instalacións existentes.



- O parque de “Punta dos Patos” no Concello de Cangas, que terá unha extensión máxima de 34.000 metros cadrados, nos que se permitirá a ampliación das instalacións existentes.
- O parque de “Punta Moreiras” no Concello do Grove, que terá unha extensión máxima de 9.800 metros cadrados, nos que se permitirá a ampliación das instalacións existentes.
- O parque de “Bico da Ran” no Concello de Cambados, que terá unha extensión máxima de 60.000 metros cadrados, nos que se permitirá a ampliación das instalacións existentes.
- O parque de “Seráns” no Concello de Porto do Son, que terá unha extensión máxima de 24.500 metros cadrados, nos que se permitirá a ampliación das instalacións existentes.
- O parque de “Laxe Brava” no Concello de Ribeira, de nova construción e cunha superficie de 308.000 metros cadrados.
- O parque de “Tal” no Concello de Muros, de nova construción e cunha superficie de 48.000 metros cadrados.
- O parque de “Lira” no Concello de Carnota, que terá unha extensión máxima de 150.000 metros cadrados, nos que se permitirá a ampliación das instalacións existentes.
- O parque de “Quilmas” no Concello de Carnota, que terá unha extensión máxima de 250.000 metros cadrados, nos que se permitirá a ampliación das instalacións existentes.
- O parque de “Cabo Cee” no Concello de Corcubión, de nova construción e cunha superficie de 75.000 metros cadrados.
- O parque de “Merexo” no Concello de Muxía, que terá unha extensión máxima de 270.000 metros cadrados, nos que se permitirá a ampliación das instalacións existentes.
- O parque de “Camelle” no Concello de Camariñas, de nova construción e cunha superficie de 101.000 metros cadrados.
- O parque de “Xandriña” nos concellos de Camariñas e Vimianzo, de nova construción e cunha superficie de 217.000 metros cadrados.
- O parque de “Seiruga” no Concello de Malpica de Bergantiños, de nova construción e cunha superficie de 200.000 metros cadrados.
- O parque de “San Felipe” no Concello de Ferrol, que terá unha extensión máxima de 6.850 metros cadrados, nos que se permitirá a ampliación das instalacións existentes.
- O parque de “Meirás” no Concello de Valdoviño, que terá unha extensión máxima de 22.000 metros cadrados, nos que se permitirá a ampliación das instalacións existentes.



- O parque de “Regodola” no Concello de Xove, de nova construción e cunha superficie de 26.000 metros cadrados.
- O parque de “Morás” no Concello de Xove, de nova construción e cunha superficie de 155.000 metros cadrados.
- O parque de “Lago” no Concello de Xove, que terá unha extensión máxima de 182.500 metros cadrados, nos que se permitirá a ampliación das instalacións existentes.
- O parque de “Gralleira” no Concello de Foz, de nova construción e cunha superficie de 40.000 metros cadrados.
- O parque de “Sarrido” no Concello de Foz, de nova construción e cunha superficie de 80.000 metros cadrados.
- O parque de “Foxo Longo” no Concello de Ribadeo, de nova construción e cunha superficie de 240.000 metros cadrados.
- O parque de “Corvo” no Concello de Ribadeo, de nova construción e cunha superficie de 250.000 metros cadrados.

Estas actuacións suman unha superficie total de 2.854.150 metros cadrados e calcúlase que suporán un investimento lixeiramente superior aos 353 millóns de euros, xunto coa creación de 1.966 postos de traballo directos. Ademais, prevese que cando as instalacións recollidas no plan estean traballando a pleno rendemento, nun período de 15 anos, se acadará unha produción de 21.600 toneladas de peixes planos anuais e unha facturación superior aos 180 millóns de euros por exercicio.

Acceso ao solo

Aínda que o plan está promovido por iniciativa pública, o seu desenvolvemento corresponderalle ao sector privado e esta posta en práctica realizarase a través da aprobación dos correspondentes proxectos sectoriais. Ademais, só poderán instalarse nas localizacións referidas anteriormente as empresas dedicadas a dous tipos de actividades: granxas mariñas e criadeiros.

Por outra banda, de cara á ocupación dos diferentes parques aplicaranse catro regras. A primeira establece que as plantas cualificadas como “ampliacións” só poderán ser ocupadas a iniciativa do titular das instalacións xa existentes. A segunda norma recolle que aquelas actuacións cuxa tramitación se iniciou segundo o Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os Plans e Proxectos Sectoriais de incidencia supramunicipal, antes da exposición pública do documento aprobado hoxe continuarán coa súa tramitación ata a aprobación definitiva e no caso de varias candidaturas valoraranse comparativamente.

A terceira regra estipula que para os parques denominados “novos”, que non estean afectados pola segunda norma, a Consellería de Pesca promoverá a expropiación dos terreos necesarios e abrirá un proceso de concorrencia competitiva para a súa adxudicación, no que poderán participar as iniciativas que cumpran as determinacións do



Plan. Así, entre os requisitos de presentación incluírase a constitución dun aval e a opción seleccionada tramitarase como proxecto sectorial ao abeiro do Decreto 80/2000, adxudicándose os terreos ao titular da actuación por medio dunha concesión por un prazo que en ningún caso poderá exceder os 30 anos.

Así mesmo, en canto aos criterios de valoración teranse en conta, entre outros, a menor afección ao medio natural, a integración paisaxística, a optimización da ocupación do espazo, o emprego de sistemas de recirculación e reutilización da auga ou a maior eficiencia enerxética.

Xa por último, o Plan Galego de Acuicultura fixa como cuarta regra que non poderán acceder á adxudicación de parques vacantes aquelas empresas titulares doutras instalacións nunha das plantas incluídas no documento mentres non esgoten as posibilidades de ocupación onde estean situadas. No entanto, esta limitación non se aplicará cando se queira implantar unha especie ou un sistema de cultivo que sexa imposible de executar mediante a ampliación das edificacións existentes.



A XUNTA E O PORTO DE CELEIRO COLABORAN NA AUTOMATIZACIÓN DOS PROCESOS DE PESCA EN BARCOS QUE EMPREGAN A ARTE DE PALANGRE

- ***O Goberno galego autorizou a sinatura dun convenio que permitirá a aplicación a bordo dun pesqueiro en activo dun novo sistema co que se quere reducir custos e mellorar as condicións de traballo e de seguridade deste segmento de frota***
- ***A Consellería de Pesca achega 388.000 euros para esta iniciativa que suporá, ademais da instalación do mecanismo no buque “Mataleñas Segundo”, a formación da tripulación e a realización de mareas piloto***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e *Puerto de Celeiro S.A.* para a realización do “proxecto piloto de experimentación con sistema automático de palangre”. Con esta iniciativa preténdese reducir custos e mellorar as condicións de traballo e de seguridade nos buques dedicados a esta arte mediante a automatización dos procesos de pesca.

O orzamento para levar a cabo este proxecto ascende a un total de 485.000 euros dos que a Administración pesqueira galega alcanzará 388.000 euros e *Puerto de Celeiro S.A.*, os 97.000 euros restantes. Ademais, a Unión Europea participa na realización desta medida, a través de fondos europeos, e a súa contribución representa o 80 por cento da achega da Consellería de Pesca.

Este convenio derívase da necesidade de comprobar o comportamento do sistema de automatización da pesquería de palangre de fondo en condicións reais de traballo despois de ser aplicado no laboratorio flotante *Santiago Apóstolo*. O obxectivo é avaliar cualitativa e cuantitativamente a rendibilidade da aplicación do novo mecanismo desenvolvido por *Puerto de Celeiro*. Ademais, con este protocolo quérese apoiar unha arte de pesca selectiva e respectuosa co medio mariño e con implantación tradicional no sector pesqueiro galego, con especial incidencia en determinados portos moi dependentes dela.

A aplicación deste novo sistema require a introdución de aparellos e ferramentas de pesca diferentes aos que se empregan habitualmente e, en consecuencia, a modificación dos procesos de traballo a bordo dos barcos, concretamente a innovación do largado e a recollida do aparello e do manexo, reparación e almacenamento deste.

Entre as actividades derivadas da posta en marcha do proxecto, que serán executadas por *Puerto de Celeiro S.A.*, atópanse a instalación do sistema de automatización a bordo do pesqueiro “Mataleñas Segundo”, a formación da tripulación do barco e a realización de mareas piloto tanto para a optimización dos procesos de pesca como para a recollida de datos sobre a eficacia do mecanismo. Así mesmo, está prevista a elaboración dun informe final de resultados que avalíe a eficacia do sistema, no que se incluírán os novos modos de traballo e se detectarán os riscos laborais derivados da aplicación desta medida.



Puerto de Celeiro tamén terá que facer un seguimento científico-tecnolóxico da realización do proxecto a través do Centro Tecnolóxico da Pesca (Cetpec), que elaborará o correspondente informe para achegar a Pesca antes do pagamento da cantidade comprometida pola consellería.

Para o impulso e seguimento das accións establecidas no convenio, que estará vixente ata o 31 de decembro deste ano, crearase unha comisión que tamén resolverá as controversias derivadas da súa execución. Este organismo estará integrado por dous membros de cada unha das partes asinantes: o director xeral de Estruturas e Mercados da Pesca e o xefe do Servizo de Acción Costeira Artesanal, por parte de Pesca, e o responsable de proxectos e o delegado de frota de altura, no caso de *Puerto de Celeiro S.A.*.



O GOBERNO GALEGO INVISTE MÁIS DE MEDIO MILLÓN DE EUROS NA CONSTRUCCIÓN DUN CENTRO VERDE NO POLÍGONO DE REBOREDO, EN MONFORTE DE LEMOS

- *A planta está destinada á recollida, almacenaxe, selección e recuperación de residuos industriais non perigosos*
- *Os empresarios poderán depositar no centro materiais como madeira, palés, plásticos, embalaxes, papel, cartón, teas, vidro, cinzas limpas e residuos electrónicos*
- *As obras teñen un prazo de execución de seis meses*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible a construír un Centro Verde no polígono de Reboredo, en Monforte de Lemos (Lugo), que xestionará os residuos industriais non perigosos. As obras, que serán financiadas na súa totalidade pola consellería, realizaranse mediante un convenio de colaboración, e contan cun orzamento de 539.649 euros.

O proxecto ten por obxecto habilitar un punto limpo de carácter industrial, co fin de proporcionar aos empresarios unha ferramenta de mellora na xestión ambiental das súas organizacións, á vez que contribuír ao aumento de transparencia na xestión de residuos.

Os empresarios poderán depositar nas instalacións do Centro Verde de Monforte residuos industriais non perigosos como madeira, palés, plásticos, embalaxes, papel, cartón, teas, vidro, cinzas limpas e residuos electrónicos. A planta centralizará a acumulación e a xestión de residuos nunha única instalación e ao mesmo tempo reducirá os custos do transporte. Deste xeito, resolverá o problema dos residuos industriais non perigosos xerados na zona sur da provincia de Lugo, así como os condicionantes económicos derivados do transporte ata plantas de tratamento autorizadas.

As funcións principais do Centro Verde serán:

- A admisión e rexistro dos residuos industriais non perigosos.
- Clasificación e separación dos residuos segundo a súa natureza.
- Optimización dos custos da recollida do residuos xerados.
- Redución do custo dedicado por cada empresa ao transporte dos residuos ás plantas de tratamento.

Este punto limpo de carácter industrial instalarase nunha parcela de titularidade municipal situada no Polígono Industrial de Reboredo. As obras teñen un orzamento de 539.649, que se distribuirá en dúas anualidades: 100.486 euros no presente ano e 439.163 euros en 2009. O prazo de execución é de seis meses.

Centros Verdes



A construción do Centro Verde no Polígono de Reboredo é unha das actuacións previstas no Programa de Rexeneración de Espazos Degradados incluído no Plan Xeral de Residuos Sólidos Urbanos de Galicia.

A planta de Monforte de Lemos sumárase a que está previsto executar no polígono industrial de San Cibrao das Viñas, en Ourense. Esta última conta cun orzamento de 705.231 euros e ocupará unha superficie de 3.000 metros cadrados. Coa construción dos dous centros verdes mellorará a xestión ambiental das empresas e aumentará a transparencia na xestión dos residuos industriais non perigosos.



A XUNTA INVISTE PRETO DE 270.000 EUROS EN OBRAS DE SANEAMENTO NO CONCELLO OURENSÁN DE SAN CIBRAO DAS VIÑAS

- ***O obxecto da actuación é ampliar a rede de colectores principais do concello aos núcleos de Rante e Currás***
- ***O Consello da Xunta autorizou hoxe a colaboración técnica e financeira entre a consellería e o concello para a execución das obras***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a colaboración técnica e financeira entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e o Concello de San Cibrao das Viñas (Ourense) para a execución de obras de mellora do saneamento en varios núcleos deste municipio. A consellería destinará a estas actuacións un total de 269.597 euros.

Esta actuación permitirá dotar de saneamento os núcleos de Rante e Currás, que representan unha poboación de 500 habitantes e que na actualidade non están conectados coa rede municipal de sumidoiros. O obxecto da obra é ampliar a rede de colectores principais do concello aos núcleos, situados á beira da vía que une os lugares da Carballeira, Infesta, Santa Comba e Currás, mediante a implantacións polas súas marxes dun colector de PVC.

O proxecto prevé a instalación de 4.110 metros de tubos divididos en catro treitos segundo a dirección das augas. Así, a primeira impulsión, de 200 metros de lonxitude, contará na súa cabeceira cun pozo de bombeo de formigón armado con dúas bombas somerxibles de 2,5 litros por segundo cada unha. O treito de saneamento en Currás, de 1.200 metros aproximadamente, rematará no pozo de cabeceira da segunda impulsión, con 710 metros de lonxitude e cun pozo de bombeo na cabeceira con dúas bombas de 6,5 litros por segundo, ata o treito de saneamento de Rante, de 2.000 metros de lonxitude.

As obras teñen un prazo de execución de 4 meses e un orzamento de 269.597 euros que serán financiados integramente pola Consellería de Medio Ambiente, a través da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos, nunha única anualidade.



A XUNTA APROBA O INVESTIMENTO DE 5,6 MILLÓNS DE EUROS PARA A CONSTRUCCIÓN DA DEPURADORA DAS PONTES, QUE SE SUMA ÁS 14 EDARES LICITADAS POLO GOBERNO GALEGO PARA POBOACIÓNS DE MÁIS DE 2.000 HABITANTES

- ***A administración autonómica aprobou o 75% das 20 Edares que a Consellería de Medio Ambiente prevé licitar para cumprir coa obriga de depuración de augas residuais das localidades de máis de 2.000 habitantes***
- ***A depuradora das Pontes ten capacidade para 20.000 habitantes***
- ***As obras inclúen a mellora dunha estación de bombeo existente, a construción de tres novos bombeos, e a instalación de oito colectores por gravidade***
- ***O proxecto ten un prazo de redacción e execución da obra de 25 meses, que inclúe 12 meses de explotación***

O Goberno galego aprobou hoxe o investimento de 5.694.511 euros para a construción da depuradora de augas residuais (EDAR) e colectores xerais das Pontes (A Coruña). A obra da depuradora das Pontes é un dos proxectos previstos no Plan de Saneamento promovido pola Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, coa finalidade de dar cumprimento a normativa europea que obriga a depurar as augas residuais das poboacións de máis de 2.000 habitantes. No marco do citado plan, o departamento autonómico que dirixe Manuel Vázquez licitou 14 depuradoras, á que se suma a recente aprobación e próxima licitación da das Pontes.

O proxecto da EDAR das Pontes ten un prazo de redacción e execución da obra de 25 meses (1 mes para a redacción do proxecto, 12 para a execución e outros 12 meses de explotación). As obras incluírán a construción dunha EDAR con capacidade para 20.000 habitantes, xunto á mellora dunha estación de bombeo existente e a construción de tres novos bombeos coas correspondentes impulsións e oito colectores por gravidade.

A Consellería de Medio Ambiente financiará a totalidade do proxecto, a través da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (EPOSH), cunha primeira achega de 569.451 euros prevista para este ano; a segunda en 2009 por un importe de 2,5 millóns de euros; e a última en 2010 por 2,6 millóns.

Plan de Saneamento

A EDAR das Pontes inclúese no Plan de Saneamento que a Consellería de Medio Ambiente puxo en marcha co obxectivo de cumprir a directiva europea 91/271 de tratamento de augas residuais. Neste plan estaba prevista a construción dun total de 20 depuradoras para o saneamento das poboacións de máis de 2.000 habitantes, das que na actualidade 14 están licitadas e a das Pontes será licitada en breve, tras a aprobación do investimento hoxe por parte do Consello.

As Edares licitadas ata o momento son as de Ares-Fene-Mugardos, Arzúa, Bergondo, Camariñas, Carral-Abegondo, Fisterra, Muros, Ponteceso e Santiago de Compostela



(Aríns); todas elas na provincia da Coruña, xunto as de Ribadeo e Xove (Lugo); O Carballiño (Ourense) e Baiona e Catoira en Pontevedra.

As cinco depuradoras pendentes de licitación dentro do Plan de Saneamento son as de Ribeira, Malpica e Santa Comba (A Coruña); e as do Grove e Poio-Sanxenxo (Raxó), en Pontevedra. En todas elas o anteproxecto está redactado ou en fase de redacción e están pendentes de documentación municipal ou da cesión de terreos para a instalación da EDAR.

A Consellería de Medio Ambiente tamén está a traballar noutros cinco proxectos para a construción de depuradoras para os concellos de Carballo (Razo) e Ribeira (Corrubedo), na Coruña; Ribadumia (Barrantes) e Silleda (Bandeira) en Pontevedra, e no concello de Foz (Forxán), en Lugo. Entre estas, a EDAR de Carballo foi xa licitada e está en fase de execución.



A PLANTA DE RESIDUOS VOLUMINOSOS DE CERCEDA INCLUIRÁ A VALORIZACIÓN DE APARELLOS INFORMÁTICOS E ELECTRÓNICOS

- ***O Consello da Xunta autorizou hoxe a modificación do contrato da concesión á empresa, que se amplía en catorce anos, para incluír a Planta de Liña Marrón, destinada ao tratamento de residuos eléctricos e electrónicos***
- ***A construción de novas instalacións permitirá realizar en Galicia o proceso completo de tratamento integral deste tipo de residuos***

A planta de residuos voluminosos de Cerceda (A Coruña), que valoriza produtos de liña branca (electrodomésticos), mobles, colchóns e outros obxectos, ampliará as súas instalacións para realizar o tratamento de aparellos informáticos e electrónicos producidos en Galicia (liña marrón), mediante a modificación do contrato de concesión de obra pública da planta, autorizada hoxe polo Consello da Xunta.

A ampliación posibilitará realizar o tratamento integral de pequenos aparellos eléctricos e electrónicos, e os residuos de monitores e televisores, entre outros, xa que, ata agora, este tipo de material se trasladaban a plantas doutras comunidades para a súa xestión.

Será a empresa concesionaria CESP (Compañía Española de Servizos Públicos) quen se fará cargo do investimento que supoñen estas melloras, que alcanzan un importe de 4.850.000 euros, mentres que a Xunta, pola súa parte, ampliará o período de concesión por 14 anos máis.

A empresa concesionaria tamén adaptará e actualizará as instalacións e os procesos que se levan a cabo en Cerceda e incrementará a seguridade grazas á incorporación dos últimos avances tecnolóxicos, segundo determinan as novas exixencias normativas da directiva europea de residuos eléctricos e electrónicos e a autorización da Xunta do funcionamento dos Sistemas Integrados de Xestión (SIX). A planta poderá tratar así residuos novos para os que non está preparada como os hidrocarburos, xeralmente pentanos, que se empregan cada vez máis nos aparellos eléctricos porque non son nocivos para a capa de ozono e modelos de frigoríficos e conxeladores que se introduciron no mercado e que superan as medidas estándar.

Ademais, o Real decreto 208/2005 sobre aparellos eléctricos e electrónicos e a xestión dos residuos amplía o abano de categorías e produtos que se van valorizar na planta, co que se incrementará a porcentaxe destes que é tratada. A introdución de novos modelos de frigoríficos no mercado, o incremento de residuos motivado polos plans renove e a entrada en funcionamento en 2010 do cambio de emisión de analóxico a dixital, derivará nun aumento de tratamento de produtos de liña gris e marrón.

A valorización de residuos de electrodomésticos de liña branca levarase a cabo nunha nave situada ao carón da planta actual, onde se implantará unha nova instalación produtiva de monitores e televisores.



A XUNTA HABILITARÁ UNHA ZONA VERDE NA PARROQUIA DE FRANCELOS, NO CONCELLO OURENSÁN DE RIBADAVIA, MEDIANTE A RECUPERACIÓN DE TERREOS DE ANTERIOR USO PÚBLICO

- ***O Consello autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a consellería e o concello para a execución do proxecto***
- ***A Consellería de Medio Ambiente recuperará os terreos do antigo campo de fútbol, que anteriormente foron de titularidade pública, co obxecto de poñelos en valor para o uso dos veciños***
- ***O departamento autonómico destinará 225.000 euros á adquisición dos terreos para a posterior construción da área recreativa***

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible habilitará unha zona verde na parroquia de Francelos, no concello ourensán de Ribadavia, mediante a recuperación de terreos que con anterioridade eran de titularidade pública, co fin de poñelos á disposición do uso e desfrute dos veciños. Esta actuación desenvolverase mediante a sinatura dun convenio de colaboración entre a consellería e o concello de Ribadavia, que hoxe foi autorizada polo Consello da Xunta.

A Consellería de Medio Ambiente destinará 225.000 euros á adquisición dos terreos do antigo campo de fútbol, que anteriormente eran de titularidade municipal, co fin de levar a cabo unha actuación de recuperación ambiental, consistente na dotación dunha zona verde e área recreativa para o desfrute da natureza.

Os terreos, que contan cunha superficie total de 5.680 metros cadrados, sitúanse na estrada de Filgueira, na vía principal de acceso ao núcleo de Francelos.



A XUNTA DE GALICIA INVISTE 242.500 EUROS NA REHABILITACIÓN DOS CAMIÑOS RURAIS E DA PONTE DE ACCESO AO LUGAR DE BEALO NO CONCELLO DE BOIRO

- ***O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Boiro para realizar estes traballos***
- ***O proxecto inclúe a eliminación das barreiras físicas e visuais e a dotación de pavimento e iluminación adecuada***

O Consello da Xunta autorizou hoxe, por proposta da Consellería de Vivenda e Solo, un investimento de 242.500 euros destinados á recuperación e rehabilitación dos camiños rurais e da ponte que conflúen na Praza de Bealo, no Concello de Boiro. O Consello da Xunta autorizou a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería e o Concello de Boiro para levar a cabo estes traballos cun orzamento total de 303.000 euros.

Esta actuación consiste na dotación dun pavimento pétreo diferenciado para o tránsito de vehículos e para o camiño e a ponte. Ademais, suprimiranse as barreiras arquitectónicas existentes na actualidade e dotarase a zona rehabilitada de iluminación e equipamento urbano adecuado para dar calidade visual e arquitectónica ao espazo.

O proxecto inclúe o soterramento das canalizacións e da instalación eléctrica existentes para favorecer a integración no contorno, libre de cables e demais elementos que afean un hábitat tradicional como é o da aldea de Bealo. Cabe destacar a singularidade dun muíño situado á beira do río que aínda está en funcionamento e que a Consellería de Vivenda e Solo pretende revitalizar, acondicionando o acceso.

O obxectivo do departamento autonómico é a recuperación da praza e o seu contorno, converténdoa no núcleo de confluencia que lle corresponde pola súa situación, ao tempo que adquire unha imaxe máis moderna e regular. Deste xeito, conseguirase un espazo de tránsito coa calidade arquitectónica adecuada que permita unha mellor relación entre os distintos puntos do núcleo, mesturando tradición e modernidade.

Pola súa parte, o Concello de Boiro achegará a cantidade restante que ascende a 60.600 euros e asume a contratación das obras proxectadas, así como a obtención dos permisos e autorizacións necesarios.

A Consellería ten en marcha unha importante liña de axudas, en colaboración cos concellos para a reurbanización e renovación dos espazos públicos. O obxectivo é a creación de espazos de calidade onde os residentes destes barrios se relacionen como colectividade.



O CONSELLO DA XUNTA APROBA O PROXECTO SECTORIAL E O PROXECTO DE OBRAS DO PARQUE EMPRESARIAL DE NOGUEIRA DE RAMUÍN

- ***Este parque contará cunha superficie total de 32.200 metros cadrados e 16 parcelas de uso empresarial***

O Consello da Xunta aprobou hoxe, por proposta da Consellería de Vivenda e Solo, o Proxecto Sectorial e o Proxecto de Obras Públicas do Parque empresarial de Nogueira de Ramuín, cunha superficie de 32.200 metros cadrados.

Este parque empresarial situarase no municipio de Nogueira de Ramuín e contará cunha superficie total de 32.200 metros cadrados dos cales 21.200 metros cadrados serán de uso empresarial, 3.200 metros cadrados de zona verde, 1.600 metros cadrados destinados a equipamentos, 1.000 metros cadrados de uso dotacional e o resto para vías e aparcadoiros.

Á superficie total do parque hai que sumarlle outros 1.200 metros cadrados para a construción dunha rotonda de acceso desde a estrada comarcal 323. Este parque disporá de 16 parcelas destinadas a uso empresarial cunha superficie que oscila entre 604 m² e 2.895 m².

Unha vez finalizada toda a tramitación administrativa, que culmina con esta aprobación no Consello da Xunta do proxecto sectorial, a Consellería de Vivenda e Solo remitirá toda a documentación ao Concello de Nogueira de Ramuín, cumprindo así o compromiso adquirido co goberno municipal.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O PROXECTO SECTORIAL E O PROXECTO DE OBRAS DO PARQUE EMPRESARIAL DE TOMIÑO



- ***A Consellería prevé un investimento de 15,3 millóns de euros para o desenvolvemento deste parque que contará cunha superficie de 540.000 m²***
- ***Neste momento está en redacción o Proxecto de Expropiación dos terreos incluídos no ámbito do parque, para o que se destinan 88.900 €***

O Consello da Xunta aprobou hoxe, por proposta da Consellería de Vivenda e Solo, o Proxecto Sectorial e o Proxecto de Obras Públicas do Parque Empresarial de Tomiño, que contará cunha superficie de 540.000 metros cadrados situados no val do río Cereiro, municipio de Tomiño.

Este departamento autonómico prevé un investimento total de 15,3 millóns de euros para o desenvolvemento desta actuación en materia de solo empresarial, así como o inicio das obras de urbanización no primeiro trimestre de 2009. Deste xeito, a Consellería de Vivenda e Solo ampliará a oferta de solo produtivo nesta parte do país, vinculada á área de influencia de Vigo.

Do total da superficie do Parque Empresarial de Tomiño -540.000 metros cadrados-, 294.200 metros cadrados serán destinados a uso empresarial, 129.600 a zonas verdes e a superficie restante destinarase a servizos, rede viaria e aparcadoiros.

Ademais, realizaranse distintas actuacións para asegurar unha óptima integración paisaxística do parque no seu contorno. Desta maneira, as naves empresariais deberán ter un aspecto coidado desde o punto de vista arquitectónico, exixindo que todas as medianas da edificación teñan o tratamento de fachada. Tamén se reporá a arboredo con especies autóctonas e protexeranse os regatos existentes creando unha zona verde.

Neste momento, este departamento autonómico está a redactar o Proxecto de Expropiación dos terreos necesarios para o desenvolvemento deste parque, para o que se destina un investimento de 88.900 €.

A Consellería de Vivenda e Solo asumiu o desenvolvemento do Parque Empresarial de Tomiño o pasado mes de marzo, tras unha reunión celebrada en Madrid coa sociedade pública *Suelo Empresarial del Atlántico (SEA)*, inicialmente encargada do desenvolvemento desta actuación.